

# teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Conversa con ex-capitán  
**Fortes: «O Exército é político»**

## XOVE: UNHA INDUSTRIA PORCA



**Ensino: As outras cousas  
polas que pararon os mestres**

**Secuestro Oriol:  
O contacto galego**

# PROMONOSA

(PROMOCION COSTA NOVA, S.A.)

**FOZ (Lugo)**

*Mirando ó Cantábrico, na Vila de Foz  
un fogar na praia pra vivi-lo mar*

**Consulte precios e condicións en:**

*Central: General Franco, 14. FOZ*

*Teléfono 14-08-16*

*Delegación: Av. Coruña, 94-B. LUGO*

*Teléfono 21-26-78*

**VIVENDAS FINANCIADAS POLA  
CAIXA DE AFORROS DE LUGO**

EDITADA POLA  
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR  
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION  
Luis Álvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M.ª García Palmeiro, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz, Xosé R. Vilamor.

ASESORES  
Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura).  
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral)  
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía)  
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio)  
Aldeixandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía)  
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Margarinos, X. Chao Rego (Igrexa)  
Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina)  
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca)  
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía).  
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo)  
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

AXENCIAS  
Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS  
Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid)  
Carlos Porto (Lisboa)  
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya)  
Gregorio Gálvez (Euzkadi)  
A. Ramos Espejo (Andalucía)  
Equipo Andalan (Aragón)  
Vicent Ventura (País Valenciá)  
Equipo Cort (Balears)  
Ramón Luis Chao (París)  
F. Pérez-Barreiro (Londres)  
Domingo Fernández (Buenos Aires)  
Emilia Vázquez (Santiago de Chile)  
Baldomero Cores (Puerto Rico)  
Fernando Pereira (Montevideo)

DEPARTAMENTO GRAFICO  
Manuel Yáñez (fotografía)  
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquís (dibuxo)  
Mario L. Rico (cartografía)

DIAGRAMACION E CONFECCION  
X. M. Gómez Vilasó

SUPERVISION LINGUISTICA  
Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.)

XERENCIA:  
Alfonso Rivas Fraga

IMPRIME:  
La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial  
Concepción Arenal, 9-13  
A Coruña (Galicia)  
Depósito Legal: C-649-1976

DISTRIBUE:  
Sendeiro  
Fontiña dos Concheiros. 86-88  
Teléfono 597500  
Santiago de Compostela  
Redacción e Administración: Rúa do Hórreo, 94, entrecán-D.  
Teléfono 596741  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores.  
Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.*

## 1976: Galicia saíu a rúa

Xa que non pra solucionar os milleiros de problemas que Galicia ten plantexados hoxe, 1976 serviu canda menos pra que os seus moradores comencaran a tomar conciencia deles. O que agora remata foi a ano das manifestacións populares, das primeiras tomas colectivas de posición, da lenta pro imparabile saída a rúa dun pobo con fartura de silencio e moitas ganas de sacar da gorxa as palabras que ningún Goberno quere oír.

Nembargantes, non foi o final do franquismo clásico o factor decisivo pra que esto sucedera así. As obrigadas permisividades dunha dictadura que pretendeu o longo de todo o ano atopalo o viveiro pra sucederse a sí mesma, uniúse a consolidación do troque de actitude do capital español e multinacional cara unha Galicia esquencida hastra polos atacadores. Os homes do puro habano e Consello de Administración posto, que durante tantos anos utilizaron este país como lugar de vacacións e pouca cousa máis, quixeron concretar, coma con certa repentina presa, os mil potenciáis aproveitamentos do noso maltratado chan. Moi a pesares dos galegos, este foi o ano das celulosas, das alúminas, das centráis nucleares, dos monopolios de comercialización e de tantas e tantas outras maravillas que no nome do progreso tentaron colarnos case que coma supositorios.

## Editorial

A reacción popular diante desta xeralizada agresión —física en máis dun caso— foi o máis estimulante e esperanzados do ano que ramata. Por primeira vez en moitas décadas, o galego saíu a rúa —sin intermediarios, «agitadores» nin pantasma semellantes— pra atoparse nela co seu veciño e recuperar xuntos unha imaxe de pobo que máns e palabras alleas lle roubaran hai tantísimos anos.

Pesia todo, sería un erro perde-la perspectiva. A resposta popular foi tan concreta e localizada como localizados e concretos foron os problemas que o capital expansionista ía provocando. O pobo dou o primeiro paso. A quen aspire a representalo correspondelle agora o labor de canlizar tanta auga reivindicativa sin utilizala pra movelas rodas do seu propio muiño.

TEIMA, que é en máis dun aspecto unha asixencia e unha necesidade dese pobo que por fin empeza a tomar conciencia de sí mesmo, saín tamén á rúa ó remate deste difícil 1976. Pra deixar constancia do que pase cada semá, tódolos anos. Con Galicia e o seu pobo.

### O NOSO PAÍS

7 Xove: unha industria porca

Ensinio: Pedrafita do Cebreiro - Viaxe ás escolas da neve. As outras cousas polas que pararon os mestres.

12 Carnota: un panadeiro perseguido.

15 A «Metalúrxica» sigue: 350 traballadores despedidos.

17 Conversa co ex-capitán Fortes Bouzán.

### pobos ibéricos

18 Crónicas de Portugal e da Semá AN-PGalega de Barcelona.



23 RESTO DO MUNDO  
Crónica de Chile

vieiros

25 Carballiño, o que poido ser un paraíso é un inferno.

E as habituais seccións de «Fiadeiro», Cultura, Opinión e Cartas á Dirección.

Vilasó fixo a portada

Porque TEIMA quería sabe-lo que a xente pide dunha revista galega, saímos á rúa pra falar da nosa postura e do periodismo que pensamos facer. Anque escoitamos algúns pitos, non mentiremos moito se decimos que unha orella do touro ben a cortamos.

## TEIMA: Primeiros pasos en sociedade

Ben leda e ben sorrinte saíu a xente de TEIMA das presentacións da revista nas vilas. Nunha auténtica festa de participación, arremetendo con tódalas súas dúbidas ós redactores costóu Dios a a súa nai convencer ó persoal de que non era certo que o P.C. mercara accións por dous millóns de pesetas. Cáseque dous millóns de carallos e de berros sí que foi o que costóu convencelos de que Beiras tampouco é quen manda nos corazóns dos redactores. Este tema da independencia ideolóxica era un cabalo do que a xente non quería apearse fácilmente. Tanto era así que houbo propostas de mandar delegados dos acionistas ás reunións de Santiago pra defender in vivo a independencia da revista.

Se nas vilas as presentacións eran festivas dabondo (boa culpa era do viño dos bares das asociacións culturais) nas cidades o clima era ben distinto. En Santiago, a friaxe da rúa debéu pechar ben forte as bocas do público, que ben poucas foron as preguntas. Todo parecía tan claro que semellaba un pouco morto e pequeniñas sorrisas foi o máximo que os presentadores lograron arrincar da xente. Vigo, Ferrol e Lugo viron como os militantes da esquerda galega eran capaces de sentarse xuntos sin que se pegara ninguén. En Pontevedra, nembargantes, faltóu un fío pra que aquilo fose lume. A tensión ideolóxica levaba e traía nas súas mareas acusacións de «españoleiros» e de «nazinalistas» ou preguntas como a de «quén era quen pra dar carnets de nacionalidade galega».

### SUSTOS EN OURENSE

Poucos foron os bolos que a xente de TEIMA poido comerse en Ourense. Primeiro, a presentación que non poido ser logo de te-lo local apalabrado: a xunta directiva da Auriense non deixóu o salón xa que, anque coidaba que era un bo proxecto o de facer unha revista galega, a liña de TEIMA non era coherente co seu traballo. De tódolos xeitos, na cidade causóu estrañeza que unha directiva considerada nacionalistas non deixase a súa tribuna pra que os ourensáns poideráns enterar pola propia xente de TEIMA de cal era a súa postura nacional.

O segundo susto en Ourense foi o que un «gris» lles deu a uns rapaces que colocaban cartéis da revista polas rúas. Ser andaluz e ver, nunha noite pecha, bandeiras galegas e verbas como «independencia» era moita mistura como pra non leva-los rapaces a comisaría. Menos mal que a estancia somentes duraría unha hora. Un pouco máis tarde, en Ribadavia, un municipal iba arrincando cen metros atrás cantos cartéis estaban a poñerse. O mesmo fixeron uns «fachas» na Coruña, pro aquí os rapaces poideron tomarse a súa venganza: prantaron nas mesmas paredes cinco e seis veces o número inicial de cartéis. Nesa noite no Ferrol, TEIMA recibía unha multa dun peso por cartel posto e outra de 500 pesetas por facelo sin permiso municipal. Menos mal que os nosos amigos foron ben listiños: dixéronlle ó municipal que non tiñan máis que 200 cartéis.

En xeral, TEIMA saíu moi leda desta experiencia: a acollida foi ben quentiña en cáseque tódolos lugares. Anque tamén é certo que algunha muller tiraba do seu home antes que velo pararse a ler un cartel nunha valla. Tamén é certo que ó ver bandeiras galegas por onde iba TEIMA facía exclamar a máis de un: «¿Galleguismo? ¡Mal asunto, pero que muy mal asunto esto del galleguismo! Ya se sabe, empiezan por la política y acaban pidiendo amor libre».

Pois eso, ¡a ver se é certo, meu home!



### Traducir a Chaplin costa un proceso por intento de sedición

Por un presunto delito de «intento de sedición e incitación a la misma» acaba de ser procesado o dibuxante de TEIMA Siro López. A causa é a publicación no «Ideal Gallego» dun dibuxo no que se incluía o discurso final de Charles Chaplin na película «El gran dictador». Neste dibuxo víase a pantalla dun cine e «Charlot» botando o discurso; nas butacas, un rapaz preguntaba a un vello: «Abó ¿por qué prohibiron esta película 40 anos? O vello respostaba cun susurro. Siro, ó pé

do dibuxo, engadía unha nota na que decía: «Gracias a que ninguén ouvúu o que dixó o vello, está este dibuxo aquí».

Hai un mes, Siro declarou no Xuzgado Militar Permanente da Coruña, durante unha hora, o senso que pra el tiñan algunhas frases do discurso. O día 21 deste mes, recibía unha comunicación de que se lle abría un proceso militar polo presunto delito de incitación á tropa á sedición, quedando, polo momento, en liberdade provisional.

Segundo Siro, o que máis lle sorprende deste procesamento é que este non sexa polo seu chiste, polo seu traballo, senón pola traducción do discurso de Chaplin, cando a película foi proxectada con subtítulos casteláns nos cines do país.



### ¿Con quen está Cabanillas?

Un grupo de cantantes galegos (uns máis coñecidos, outros menos) tentaron de organizar en Cambados un recital homenaxe a Ramón llas. Organizaba o acto a Sociedade Cultural de Cambados e en certo senso (nada máis que en certo senso) viña ser tamén unha resposta o que poucas semás antes Antonio D. Olano, Juan Pardo e outros celebraron tamén nesta vila, logo da presentación do disco deste: «Galicia, miña nai dos dous mares».

O gobernador civil da provincia prohibíu o acto por «defecto de forma». Non poidemos saber cais eran os defectos de forma. Agora ben, si soubemos das reaccións da familia (ou dun sector da familia de Cabanillas) ante a iniciativa dos cantantes galegos. Os familiares queixanse e retiran o seu apoio a homenaxe porque non foron consultados pra levalo adiante, porque non saben que se vai facer ou onde van i-los dereitos de autor e, en último termo, porque «Cabanillas non pode estar na boca dos comunistas».

«Cabanillas non é patrimonio de ninguén senón de tódolos galegos —explicaba a TEIMA unha representación dos cantantes—. Cando o de Castelao pasóu o mesmo. Uns poden reivindicar, falar, homenaxear ó poeta e ó escritor, mesmo ó político. Mentras que os outros se lles prohibe a máis pequena referencia. Non deixa de ser significativo que sexan estes quen dende hai unha chea de tempo, antre multas e prohibicións, veñan loitando por unha cultura galega, mentras que aqueles (os que homenaxean agora dende a «legalidade») veñen o carro cando lle ven unha posible rentabilidade económica ou política».

## O NOSO PAÍS

Respecto da referencia os comunistas decíanos o Bibiano: «os comunistas non poden cantar a Cabanillas, nacionalista galego, pro Juan Pardo sí. Así están as cousas da democracia». Iban cantar en Cambados Xosé Manuel Conde, Suso Baamonde, Riqui e Miqui, Xoan Silva, Benedicto e Bibiano. Antre uns e os outros, a «Obra Completa» de Cabanillas sigue aínda sin editar antre nós.



CABANILLAS DIBUXADO POLO SEU GRAN AMIGO DANIEL CASTELAO



### «Galicia mártir», e «Atila en Galicia», pro nadal na casa

Feitos por vez primeira no interior do país, acábanses de imprimir «Galicia mártir» e «Atila en Galicia», dous míticos libros de estampas nos que Daniel Castelao espresa a súa visión da guerra civil no noso chan. Deica agora a única edición destas obras era a colección «Nós», de Buenos Aires.

Hoxe, o Movemento Comunista de Galicia, o traveso dos circuitos propios do partido, quere facer chegar a poboación galega estes dibuxos. Catro mil foron os exemplares imprimidos e 250 pesetas será o precio de venda.

Pró M.C.G., segundo os seus representantes, a impresión destas obras, decidida hai mes e medio, é un homenaxe a Castelao e a causa da súa vida: a liberdade de Galicia. «Estes libros de estampas simbolizan perfectamente a

(Ven da páxina anterior)

tarefa que as forzas nacionais temos diante: o enfrentamento somente cambiou de táctica. Neste senso, e significativo ter que botar man de medios atípicos, clandestinos, prá impresión e difusión destes dibuxos, nun tempo no que tanto ven falando o goberno de democracia».

Outra das razóns que movéu o M.C.G. a editar estas obras é o que en si mesmas teñen de valor cultural, demostrar que a cultura popular sigue viva a pesares dos atrancos dos corenta anos últimos. Por outra banda, «con estas obras os militantes do Movemento Comunista de Galicia queren dar unha forte aperta a tódolos loitadores nacionais no rematar dun ano no que tódalas loitas facían referencia á liberación nacional».



## «Galicia hoxe», en Xinebra

Pra falar de Galicia, de como vai a vida, de cais son as arelas, as aspiracións, os atrancos e as loitas do pobo galego está a nacer «Galicia hoxe». Dende xaneiro e dende Xinebra, tódolos meses, «Galicia hoxe» contará na nosa lingua ós galegos do exterior como nos van as cousas —xa se sabe, a cultura, a economía, a política, a colonización, tamén—. A revista que se espallará no interior tamén nos traerá novas do que van facendo os nosos irmáns emigrantes.

A revista, feita nos seus primeiros pasos dun xeito cáseque artesanal, tentará ir ó prelo a pouco quente que sexa a acollida da xente. Pra cumpri-los seus proxectos, «Galicia hoxe» abre as súas páxinas a canta información chegue do noso país, polo que chama á colaboración dos que poidan botar unha man pra que a revista resista viva, ergueita, en pé.

O seu enderezo é: «GALICIA HOXE. C. P. 316 1211 GENEVE (Suiza).

## Secuestro Oriol O contacto galego

Era unha hora tan intempestiva que o director da cadea da Coruña nin siquiera considerou, en principio, a posibilidade de erguerse da cama. Somentes unha palabra-chave, «Oriol», pronunciada polo home que agardaba na porta o correspondente permiso pra entrevistarse con el, acabou de decidilo a saír.

Tres días antes, o presidente do Consello de Estado fora victima dun secuestro por parte dos Grupos de Resistencia Antifascista «Primero de Octubre» (G.R.A.P.O.), fronte armado do Partido Comunista de España (Reconstituído). Cinco membros do P.C.R. permanecían —e permanecen— dende setembro deste ano na cadea coruñesa. Un deles, Juan Carlos Delgado de Códex —peón de albañil deica a súa detención— foi escollido entre tódolos «grapos» encadeados en España pra tentar de establecer un contacto entre os secuestradores e o Goberno.

Consecuencia de todo elo, e despois dunha chamada personal do Director Xeral de Seguridade á cadea onde estaba Delgado, o abogado deste último poído por fin entrevistarse con el e comunicarlle, nas primeiras horas da madrugada, o seu inmediato traslado a Madrid. Pesia as protestas de ignorancia de Delgado —en todo momento afirmou non saber nada sobor do secuestro— o viaxe á capital do Estado realizouse o seguinte día nun vehículo da Guarda Civil Tras dezasete horas de carre-

tera (longuísimos tempo que non deixou de sorprender ós abogados), o membro do «GRAPO» foi ingresado na cadea madrileña de Carabanchel. Horas máis tarde, supostos intermediarios tomaban un avión con destino a París.

Pesia todo —e en opinión de persoas que participaron moi directamente nas negociacións— o traslado de Delgado de Códex non serviu pra amañar cousa ningunha. Por outra banda, a escasa urxencia con que se tramitou o asunto —escepción feita da visita do abogado á cadea— fai pensar en que o Goberno atopara xa algún interlocutor válido fóra de Galicia.

Actualmente, espérase o retorno de Delgado de Códex á súa cadea de procedencia. Na Coruña está tamén a muller, Guadalupe Núñez, a quen se lle instruíu sumario xudicial por presunta asociación ilícita no P.C.R. Namentres, outros catro galegos son buscados pola policía tras seren identificados como presuntos participantes no secuestro do señor Oriol. Eles son Pío Moa, vigués, de vinteoito anos de idade, periodista; Abelardo Collazo, tamén vigués, de trinta anos, albañil; Xosé Luís González Zazo, vigués, vinte-séis anos, albañil; e Manuel Gil Araújo, de Salvaterra do Miño.



## Caixa de Aforros de Ourense Outro director na cadea

X. PLATERO

O chamado «affaire» da Caixa de Ourense parez que está a continuar no proceso de regularización que están a levar no seno desta entidade crediticia. Outro director de sucursal, neste intre o de Castro Caldelas, pasou á prisión provincial segundo auto de procesamento dictado por un xuez provincial nomeado pola Audiencia Territorial da Coruña pra este Xuzgado de Instrucción da Póboa de Trives. O señor Cadenas, como queda dito, parez que —segundo as nosas noticias— cometéu varias irregularidades no exercicio do seu cargo.

Este é un feito máis do chamado «affaire» da Caixa de Ourense, que se xunta con ou-

tros como a destitución do seu ex-director xeral, o conselleiro nacional do Movemento, señor Martín Esperanza (Kaíto pra os amigos), que está procesado ó conceder o suplicatorio as Cortés á sala segunda do Supremo, e tamén as anómalas situacións dos ex-directores das sucursales de Aviión e Verín. O primeiro deles tópase tamén na cadea de Ourense e tén como abogado defensor ó líder da democracia cristián don José María Gil RRobles, e o segundo marchouse pra fora, topándose actualmente en Caracas (Venezuela).



Lugo

## ¿A punto de solucionarse o problema sanitario provincial?

X. XIZ

Se dos proxectos hemos de fiarnos, o problema sanitario provincial, ó menos nos seus aspectos maioritarios, estaría a punto de solucionarse. Sempre e cando —claro está— tais proxectos se poñan en práctica prontamente.

Por unha banda a Diputación Provincial de Lugo vai construílo novo Hospital Provincial, perto do actualmente vixente, en condicións que non permiten atencións, servizos como as necesidades demandan. O novo Hospital costarálle á Diputación ó redor dous mil millóns de pesetas.

Por outra banda, hei de dicir que hai uns días reuniuse en Lugo a Comisión Provincial de Coordinación Hospitalaria; na devandita reunión tomaron parte os presidentes do I.N.P. e o I.S.M. (Instituto Nacional de Previsión e Instituto Social da Mariña). Nesta reunión díxose que iban ser construídas:

—Casas do Mar en Ribadeo, Burela e Celeiro. (Todas elas con instalacións de Asistencia Sanitaria).

—Millora de instalacións en Foz, San Ciprián.

—Creación dun consultorio no Vicedo.

—Transformación do actual edificio da vella Residencia do S.O.E. en Lugo (actualmente sin funcionar) en Hospital Maternal e Infantil con 240 camas.

—Novo ambulatorio de especialidades en Lugo capital.

—Residencia Sanitaria na costa (200-300 camas), que funcionaría como Hospital Comarcal integrado na rede hospitalaria provincial.

Se todo esto se constrúe rápidamente, se se poñen en funcionamento as instalacións devanditas, o problema da sanidade na capital e na costa, quedaría —se non solucionado— sí sensiblemente paliado. Queda, eso sí, a atención médica na montaña luguesa... Pro eso é outro cantar; outro cantar máis tristeiro, e polo que non se erguen tantas voces... Pro que, dunha forma ou doutra, é mester solucionar.



## Multas sin distinción

Xosé Taboada, obreiro da construción; Margarita Vázquez Vera, traballadora de FENOSA; Román Rodríguez, abade de Sésamo; Alberto Esteban, mariñeiro; Xosé Anxo García Méndez, despedido de «Rioux»; Vicente López, despedido; Carlos Varela Veiga, profesor, e Lois Diéguez, escritor, foron sancionados con diversas multas por solicitar unha manifestación que remataría por celebrarse o día 14 do pasado mes de Novembro en Santiago de Compostela a favor da amnistía total.

«Denunciámola discriminación de que somos obxecto, sendo de dominio público a tolerancia das forzas represivas cara a outras organizacións aínda non legalizadas, mentres nós, polo simple feito de solicitar unha manifestación, somos tan rigurosamente sancionados», manifestan. O mesmo tempo amósanse solidarios da «loita nacional-popular encabezada pola ANPG e a UPG en pro da amnistía total e da liberdade dos patriotas galegos que actualmente continúan na cadea». En termos semellantes pronúnciase un comunicado da ANPG feito público polas mesmas datas. As multas oscilan entre as cincuenta e as cen mil pesetas. «Non penso recurrir —declarou a TEIMA Vicente López—. Toda mobilización en pro da amnistía conta conmigo. Teño ó meu irmán na cadea da Coruña e non me sinto obrigado a pedir perdón a ninguén».

Nembargantes, non foron os membros de ANPG e UPG os únicos sancionados na arremetida gubernamental que pareceu seguir ó referéndum. Anxel Guerreiro, Fernando Fernández e Roberto Pardo terán de pagar, en conxunto, noventa mil pesetas de fianza tralo seu procesamento. Acúsaselles de asociación ilícita por presentarse públicamente como membros da Táboa Democrática de Galicia. O feito chegou a facer repensar á O.R.T. a súa permanencia na comisión que asesora a Paz Andrade nas negociacións co goberno. «Difícilmente se pode asesorar ou negociar cando o mesmo Goberno multa e procesa a representantes de partidos democráticos cos que di quere negociar», explica o grupo político.

O pasado día 27 de Novembro, convocados polo ISGAR, xuntáronse no Mercado Nacional de Gando de Santiago os representantes de medio cento de cooperativas campestres de explotación comunitaria de terras, co gallo de falar das súas experiencias e intercambiar impresións pra un millor coñecemento e unha máis doada solución dos seus problemas. Foi unha xornada de traballo intenso que non chegou a esgotador polo entusiasmo que demostraron os asistentes, o que non é nada estraño, tendo en conta que se trata de xente que xoga na tarefa os seus medios de vida.

### CONVOCOU O «ISGAR»

¿Quen é o ISGAR? E o Instituto Social da Galicia Rural que nacéu hai agora dous anos, despóis de varias xuntanzas de traballo entre un fado de persoas coñecedoras dos graves problemas que atravesamos o noso mundo rural.

Dende o outono de 1973 este fado de persoas veuse xuntando pra dar forma a unha entidade que quere axudar ás nosas xentes campestres a resolver os seus problemas e promove-lo seu desenrolo, especialmente no eido do cooperativismo, por estimalo coma o máis axeitado á nosa tradición comunitaria rural e tamén por se-lo que permite solucionar problemas tan fundamentais coma o da reestructuración das explotacións agrarias pola unión voluntaria das propiedades feita polos mesmos donos.

O ISGAR é legalmente un Instituto da Igrexa con locais cedidos polos PP. Xesuitas no seu edificio da rúa da Virxen da Cerca, 2-2.º de Santiago. Está rexido por un consello elixido pola Asemblea anual de socios e funciona cunha exemplar executoria democrática. Os seus primeiros traballos adicáronse a servir de lugar de encontro das cooperativas campestres por estimar que son a experiencia máis valiosa das esistenciais hoxe no noso campo. Pra elas foron os primeiros esforzos en mesas redondas, cursos, seminarios e encontros coma este no que os mesmos cooperativistas son os protagonistas da xuntanza.

Os homes que levan hoxe a dirección da entidade son os xesuitas Luis Amor, Nico Pombo e Laureano A. de Val coa colaboración dun fado de sociólogos, economistas, abogados, cregos e mestres rurais, entre os que me atopo e que ten —temos— en común o noso entusiasmo e a nosa entrega á promoción integral das xentes do medio rural.

### A XUNTANZA DE SANTIAGO

Celebróuse, como xa deixamos dito, a Primeira Xornada de Traballo das Cooperativas comunitarias o día 27 de Novembro pasado nun local do Mercado santiagués onde se reuniron representantes das cooperativas das catro provincias galegas.

Fixo a presentación Laureano A. de Val insistindo no carácter práctico da xuntanza e dando axiña a palabra a Xosé Calvo Míguez, Presi-

## Cooperativas de explotación comunitaria Xesuitas por un agro organizado... e democrático

Avelino Pousa Antelo



CHEGOU O TEMPO DE ORGANIZARSE

dente da Xunta Provincial das Comunitarias Coruñesas quen desenrolou o tema «Problemas fundamentais con que se atopan as cooperativas e maneira de solucionarlos», quen fixo unha pequena historia da Xunta que preside indicando que foi unha necesidade sentida polas comunitarias pouco tempo despóis do seu nacemento. A Xunta ven facendo as veces dunha cooperativa de segundo grado que empresta servizos ás cooperativas asociadas en número de vintetantas. Aínda que leva poucos anos, nembargantes, a unión destas cooperativas permitíulles montar unha oficina técnica que lles ensina a leva-la contabilidade e a preparar o balance anual, lévalles tamén o control leiteiro e libros xenealóxicos e, dende hai moi pouco, o suministro de semente de gran calidade pra conseguir unha selección cada vez mellor do gando. Todo elo cun coste pequeno gracias ás axudas que recibe do IRYDA e do Servizo de Extensión Agraria.

Pensa que este Xunta debería dar orixe a unha cooperativa galega que emprestara os mesmos servizos e outros novos, como o de compras e vendas en común, pra tódalas cooperativas existentes hoxe e pra promocionar outras novas elí onde apareza xente decidida a enfrentarse cos duros problemas agrarios. Insistíu na necesidade de potencia-la Caixa Rural Provincial que debe se-lo verdadeiro banco agrario e que, precisamente na provincia coruñesa, acaba de ser recuperada das mans de xente que a tivo pouco menos que coma un negocio privado.

As cooperativas, recalcóu, deben

coida-la participación e o funcionamento democráticos se de verdade han ser tais. Lembrou unha frase de Lambert que di que o Principio Democrático —un home, un voto— é o máis importante e representativo do cooperativismo, e citou tamén a Del Arco que di: «Unha cooperativa que funcione democráticamente é unha verdadeira cooperativa, e se non funciona democráticamente pode ser todo, mesmo un fraude, pro non é unha cooperativa».

Antonio Gil Ríos, encargado da venda das xuvencas de «pedigree» criadas polas cooperativas comenta a gran demanda que hai deste gando que nos acredita coma obtentores de gando selecto que deica hai poucos anos había que importar e que hoxe os clientes prefiren con moito ó que se trae de fóra, tanto pola súa calidade xenética coma pola mellor aclimatación ó noso medio.

Falou tamén Don Antonio Lorenzo da Caixa de Aforros da Coruña e Lugo que explicou as liñas de creto agrario asistentes así como a maneira de obtelo.

Cando rematóu empezóu un coloquio no que se puxo de manifesto que os cretos actuais son caros, insuficientes e a un prazo demasiado corto pra que sirvan de verdadeira axuda tanto a labregos individuais coma ás cooperativas.

Finalmente acordóuse mandar un escrito coas conclusións alí acordadas tanto ó Ministerio de Agricultura coma ós distintos medios de comunicación pra resalta-la gravedad da crise que o noso campo está atravesando e que precisa dunha acción eficaz e urxente.





YAÑEZ



YAÑEZ

«ESTA TERRA E NOSA»

Falando do crecemento industrial nos países máis industrializados de Occidente, estase a dar un fenómeno curioso: Coma xa ten dito X. M. Beiras —catedrático de Estructura Económica da Universidade galega— «a medida que nas sociedades máis industrializadas váise cobrando conciencia da natureza dos costes do desenvolvemento industrial, a medida que medra unha actitude que rexeita certas maneiras de actividade industrial especialmente nocivas pró medio ambiente —«industrias porcas», traducido do inglés—, os grupos empresariais van desplazando ás industrias porcas e máis contaminantes ós pobos subderenrolados que aínda manteñen unha actitude máis condicionada pola fame de desenvolvemento industrial que polo medo ós seus perxucios e ós seus costes sociais. Galicia está nese caso».

O certo é, como dixo o profesor Beiras, que aínda ten lugar outro feito «curioso»: Hai, non poucas veces, unha correlación ben estreita entre o carácter nocivo e a intensidade de capital nesas industrias. Pasa moito que as industrias máis malas pró medio ambiente son as que, ademais, veñen a crear menos postos de traballo en relación cos cartos invertidos nelas.

As cousas deste xeito, FENOSA (sesenta por cento de capital da Nuclear, sendo o corenta restante pra ELECTRA DEL VIESGO e máis pra HIDROELECTRICA DEL CANTABRICO) publicou no seu día un cativo informe sobor da Central de Regodela (parroquia de Portocelo, Xove). Nel facíase constar que a Central Nuclear completa terá catro grupos, de mil megawattios cada ún deles: «O primeiro —viña a deci-lo informe— escomezará a funcionar no segundo semestre do ano 1982 e producirá o dobre da produción total actual de enerxía eléctrica de FENOSA que ascende, cada ano, a cinco mil quinientos millóns de kilowattios / hora. Dende 1982, e cada cinco anos, vaise poñer en marcha un novo grupo deica completa-los catro proxectados. O importe do primeiro grupo é de vinte mil millóns de pesetas».

Os cartos por diante, o emprego de man de obra viña logo. Neste senso, FENOSA falaba de dúas fases: A da construción, na que «nos

## XOVE: Unha industria porca

intres punta empregaranse de dous mil quinientos a tres mil traballadores da construción. Enténdese —suliñaba a empresa— man de obra da construción non especializada. A media de emprego nos cinco anos de traballo vai ser duns mil quinientos obreiros». Referíndose sempre ó primeiro grupo nuclear, FENOSA parábase despóis na súa fase de funcionamento: «A Central terá necesidade dunhas duascenas persoas entre persoal especializado e obreiro. Todos estes postos compre cubrilos con man de obra galega e o coste total dela supón un 1820 por cen do presuposto total da Central.

### USA: A PEOR TECNOLOXIA

Os veciños das aldeas máis afectadas pola instalación son conscientes, segundo comprobou TEIMA, de que pra eles non van vir eses postos de traballo. Como diría Pedro Costa Morata, «unha Central Nuclear constitúese con moita xen-

te, mais non esquezamos que as grandes empresas que collen as contratas teñen as súas plantillas de tal xeito que non van ter en paro ós seus propios obreiros para dar traballo á xente de Vivero... Pode que o que se contrate eiquí sexa o peonaxe, mais non vai ser significativo. «Polo demáis, diante da contaminación estremadamente potencial con perspectivas de abandono de moitas das terras hoxe traballadas, xunto coas mesmas posibilidades nas costas próximas, a cifra de traballadores permanentes (200), non parece de abondo pra ningún salvo prós interesados directamente pola instalación: fundamentalmente, as empresas.

Viñan a conto, tras do informe FENOSA, os medos do entón ministro de Industria cando —falando da crise enerxética mundial e das centráis nucleares— decía aló por mediados do mes de Santiago en Bilbao: «Hai que topar un punto de equilibrio que non frene nin atranque o crecemento nin incida na po-



YAÑEZ

A TORRETA METEOROLOXICA

lítica social dun xeito negativo, coma poidera ser provocando o desemprego. «E engadía: «Hai que explicar ben en qué consiste unha Central Nuclear». Nembargantes, sóio tres días despóis, en Madrid suspendíase por orde gubernativa unha xuntanza sobor do tema organizada pola Organización Española prá Ordenación do Medio Ambiente (AEORMA).

(Pasa á páxina seguinte)

(Ven da páxina anterior)

Catro meses máis tarde, teimando na idea, o profesor Ramón López-Suevos diría en Viveiro: «...si os señores que fan os cálculos tiveran en conta os costes sociáis que provoca unha Central Nuclear, a devandita xa non iba ser tan proveitosa se o litoral de Lugo vaise quedar sin peixes e van ter que emigrar moitos traballadores da bisbarra, se non previsibles certas enfermidades, se os recursos agrícolas están en cuestión a máis prazo, está claro que de ter que pagar estes perxuícios os que van ser causantes deles xa non dirían que a Central Nuclear é rendábel. A inversión é proveitosa porque eles non pagan os costes sociáis que leva aparelados a Central Nuclear». Logo, sulihando que os datos que se manexan habitualmente non son nada de fiar, o señor Suevos facía fincapé noutro aspecto: «Por exemplo, haberá que traballar con Uranio enriquecido procedente dos Estados Unidos: a este respecto, o xornal «New York Times» xa comunicou a finais do 73 que o coste de Uranio subiría nun dous por cento anual acumulativo. Xa que logo a Central coma boa economía de enclave, vai ter unha dependencia tecnolóxica dos Estados Unidos».

AEORMA, pola súa banda, facía ver unha vez que «España está mercando a peor tecnoloxía que existe. As Centrais Nucleares de auga lixeira que nos venden os americanos non as quere ningún país medianamente desenrolado. Recházanas no Reino Unido e nolas queren vender a nosoutros e máis ós exipcios. Queren dar saída a esas

centrais a toda costa e por elo ofrecen esas condicións: O Eximbank concede cretos de hasa o 90% e as empresas eléctricas non teñen que empezar a devolvelos deica porse en funcionamento e cobra-los recibos. Lóxicamente, a cuota que vai paga-lo consumidor de electricidade situarase ós niveis xustos pra financia-la operación. Deste xeito, as Centrais pagarémolas todos, igual cós ricos.

O director xeral de Enerxía, nembargantes, contestáballe a AEORMA: «Tecnoloxía de reactores é practicamente a mesma que están usando nos países desenrolados, non sendo Canadá e Inglaterra». Embarcábase unha vez máis no optimismo das esferas oficiáis namentres, na Universidade de Vran de Vigo, o director do Instituto de Investigacións Pesqueiras concretaba no caso galego: «Os productos residuais das industrias instaladas perto do mar ou nas desembocaduras dos ríos constitúen un serio perigo pró normal desenrolo das especies litoráis, especialmente nas ensenadas e bahías con circulación limitada: Este é o caso das Rías galegas, estuarios e bahías abertas».

Un mes denantes, tamén no Santiago do 74, facéndose solidarios dos temores do ministro de Industria, o subsecretario da Mariña Mercante decía en O Ferrol: «Non nos podemos opoñer á industrialización, máis tentaremos de que esta faga o menor mal posíbel ós intereses dos mariscadores. Galicia ten que ser a que responda á pregunta: ¿Qué vale máis, industrialización e contaminación ou riqueza marisqueira con falla de industria?». O doutor B. Andréu, presidente do Instituto de Investigacións Pesqueiras pasáballe de seguida a pelota ó subsecretario: «As Rías galegas —dixo naquel intre— foron declaradas oficialmente de interés marisqueiro e, xa que logo, condiciona as instalacións de industrias ó informe da Subcretaría da Mariña Mercante».

Todo un mundo de contradicción e de saídas polo foro namentres as empresas directamente vencelladas á instalación (FENOSA, fundamentalmente, no caso de Xove) braceaban nun mar de triunfalismos.

**O QUE NON SE FIXO**

Triunfalismo do que, tamén de abondo, fixeron gala os dirixentes da Xunta de Enerxía Nuclear. Namentres neste país noso os veciños do litoral lucense vían vir a pasos de xigante unha Central rebotada doutros países, en Madrid podíase

escoitar que «aínda non se decidéu nada sobor dos emplazamentos e construción de Nucleares na España». O mesmo tempo, pra dora-la plldora, as mesmas voces falaban de que «as Centrais Nucleares non poden estoupar porque o enriquecemento do combustíbel non chega, en ningún caso, ó 4%, en tanto que as bombas atómicas requiren enriquecementos por enriba do 90%. Hai certas probabilidades —engadíase— de que se cheguen a producir accidentes graves pola perda de refrixerante, mais o efecto esterior neste caso é nulo xa que o reactor vai protexido por unha banda de contención. Eran os mesmos prohomes os que tentaban de facer ver con palabras que «a contaminación térmica no mar é insignificante: A elevación de temperatura está por baixo dun soio grado a 1.000 metros de distancia do puriño de evacuación e auga de refrixeración».

Naqueles días do vran do 74, namentres a oposición ás Nucleares medraba deica chegar ós mesmos niveis oficiáis, unha pregunta

tastróficos: alteracións na dotación xenética do ser humano que poden afectar ó individuo e, sobre de todo, á descendencia; crecemento, nun porcentaxe considerábel, da incidencia de enfermidades coma o cáncer, a leucemia, etcétera e hereditarias coma o mongolismo, segundo estudos realizados».

Era unha máis das chamadas de atención a certas actitudes triunfáisdun optimismo biolóxico nada racional e sí moi interesado. Unha máis das actitudes, ás veces coma voces no deserto, multiplicadas logo ó longo do 1975 e no que levamos do 76. Xusto o tempo que os veciños dos municipios de Xove, Viveiro e Cervo levan agardando a que se faga o que nunca se fixo pola banda da Administración e das empresas. E o seguinte:

Segundo distintos técnicos, economistas, sociólogos e inxeñeiros que TEIMA poido consultar, Administración debería ter previsto e



O EMPLAZAMENTO, NO LUGAR DE REGODELA

nacla de todo o Estado español dirixida ó Goberno de Franco: ¿Qué tecnoloxía aportan as empresas interesadas se todo é de orixe americana? Unha pregunta que viña apuntalada por unha constatación: A total ausencia de planificación no sector nuclear, deixando o mesmo Goberno unha chea de libertades nas máis das empresas particulares que teñen por fin o crecemento dos seus beneficios.

«O Goberno non interveu pra nada na adxudicación das Centrais Nucleares», díxose en San Sebastián días despóis de que no xornal «La Gaceta del Norte» (21 de agosto do 74) poidérase ler: «Estas Centrais poden ser, e de feito o son, fontes moi poderosas da radiación ionizante coas implicacións que todo elo orixina no organismo humano, case todas de efectos ca-

esposto a infraestrutura pra un plan nuclear con previsión sobre evacuación de poboacións: instalacións sanitarias especializadas en medicina nuclear dabondo pra atender ó persoal e máilas poboacións limítrofes no caso dun accidente; creación dun organismo independente adicado á protección da poboación xa que a Xunta de Enerxía Nuclear (JEN) ten fins contradictorios que a fan ineficaz; informe do «Alto Estado Mayor» sobor da implicación destas instalacións xeráis de seguridade das poboacións, e, finalmente, a Administración deberá ter feito dende hai tempo un plan nacional de utilización do medio físico, previo pró emplazamento de Centrais Nucleares, que son incompatíbeis coa agricultura, o gando, a vivenda, etcétera.

**Plutonio 239**

O Plutonio 239, que ven da fisión do hexafluoruro de Uranio nos reactores empregados nas centrais nucleares, ten unha vida activa de douscentos cincuenta mil anos. Foi calificado polos científicos coma o meirande veneno que hai hoxendía no mundo.

Trátase dun veneno moi activo, polo que compre unha tecnoloxía especial pró seu envasado, vixiancia e conservación. Segundo o segretario xeral de AEORMA (Asociación Española do Medio Ambiente), no Outono do 74, «o tema é demasiado grave como pra deixalo nas mans dun ministro de Industria».



# Duas conversas nuclearizadas

O sarxento da Guarda Civil do municipio de Xove coida que os veciños que non queren a Central son poucos e, cecáís, «inducidos por xentes con intereses propios ou influenciados por outros que non teñen nada que ver eiquí. O millor, por un camiño ou por outro, teñen interés en in-cordiar», dixo a TEIMA.

A súa opinión é que, ó longo, a Nuclear vai ser un verdadeiro beneficio xa que con ela ven a industrialización da bisbarra. «Medrará o nivel de vida», dixo a TEIMA o sarxento, indicando logo que «xa medra agora mesmo: Eu vin pra Xove hai ano e medio e daquelas poderíase mercar un solar por trinta ou corenta mil pesetas. Hoxe xa non hoxe o mesmo solar cóstalle perto do millón».

—Coa historia da Central Nuclear ¿non houbo intres de especial tensión?

—Non, momentos de especial tensión non houbo ningún porque non se lle pode chamar especial tensión ó feito de que dous ou tres señores digan que non a esto ou a aquilo outro... Sería especial se, certamente, foran moitos máis.

—Nembargantes, señor sarxento, eu teño entendido que foron bastantes veciños os que se chegaron a manifestar.

—Ben, o que pasa é que esa oposición de dous ou tres foi aproveitada pola prensa pra desacredita-la nosa actuación. O certo é que nós, eiquí, sempre tivemos coidado de chegar ó respecto dos dereitos dos veciños e máis da empresa FENOSA. Nós non queremos impoñer nada a ninguén, non queremos violencias nin coaccións.

—Vostede ¿oiría falar denantes de agora das Centráis Nucleares?

—Home, claro. Eu, coma calquera cidadán, oíra delas denantes de chegar a Xove aínda que non dun xeito directo porque nunca estivera onde as hai. Lera cousas, coma calquera cidadán, xa lle digo.

—Esta historia ¿non lle saca o sono ás veces?

—Non, non en absoluto. O sono xa mo saco eu polo servicio.

—Nembargantes, a nós dixéronos que se intensificaran as patrullas nocturnas. ¿Non é certo, señor sarxento?

—Pois non é certo. O servicio nocturno existiu sempre na Guarda Ci-

## A Guarda Civil:

### Un lugar tranquilo

vil e vostede saberá que as nosas costas están víxiadas de cotío dende sempre. Trátase dun servicio ordinario, non doutra cousa.

—Pois algún veciño, logo, veu pantasma nos arredores do lugar de Regodela, onde está ubicada a Central.

—Sí, ó millor algún ve pantasma. Pro non se trata senón dun servicio normal pola nosa conta.

—¿E nunca se víron con forzas insuficientes?

—Non, nunca. Dáse a circunstancia de que nós estamos eiquí, en Xove, con sete menos dos que tiñan que figurar na plantilla. O que pasa é que nos últimos tempos fóronse creando vacantes polos traslados.

—¿E logo?

—Ben, o que pasa é que eiquí non temos cuartel e as vivendas son caras. Vostede verá que esto mesmo é unha casa particular que estou pagando eu da miña petaca. A Xove vimos todos forzosos: eu estou eiquí xa que non tiven oportunidade de me marchar a outros lugares da provincia. Claro que nun proxecto futuro prevése a construción dun cuartel cunha plantilla meirande, mais agora mesmo...

—¿E non se atopan con certa incompreensión dos veciños?

—Eiquí, o que é eiquí mesmo en Xove, non. Todo o contrario. Agora ben, esa minoría da que falabamos... A fin de contas son dous pobos influenciados por uns señores e que, tendo un baixo nivel cultural, supedíntanse ás influencias alleas e déixanse levar. Sonlle os veciños de Portocelo e Xuances, fundamentalmente.

Polo demáis, o sarxento da Benemérita de Xove teima na idea de que a bisbarra sempre foi un lugar tranquilo e que agora, coa construción da Nuclear, cambiarán moito as cousas e medrará o nivel de vida: «Ademáis están os outros proxectos: Cloro, antibióticos, prefabricados de Aluminio, a planta de Alúmina... que cambiarán moito a vila.

## O alcalde:

### «Eu faría un referéndum»

Xesús López, alcalde de Xove, di que non sabe moito máis do que xa se dixo: «Hai unha oposición grande, pro a máis afectada é a de Xuances e Vilachá. Pensamos organizar unha mesa redonda entre técnicos da empresa e técnicos da oposición pro esixiremos que asistan, somentes, xentes do municipio de Xove. A nós interézanos arranxar coas cousas do municipio, pro arranxaremos con elas nós mesmos. Os demáis que fagan cos seus propios problemas como pidan...»

—Eu, por min, organizaría un referéndum. Claro que eso, non depende de min. Eu penso que hai que facer-lo que quere a maioría pra saber se é ou non favorábel á instalación da nuclear. Habería que facer una enquisa porque o único que sabemos e quen se opón: trinta ou corenta veciños de Xuances e algúns de Vilachá.

—¿Qué foi dos multados de Vilachá?

—Sí, ben, en Vilachá hai multados. Foi cando da instalación das liñas eléctricas da torre meteorolóxica e, finalmente, pedíuse permiso pra instalalas subterráneamente. Pro, en ningún momento, a Guarda Civil lles pegóu ós veciños. Ademáis, as multas foron ben cativas.

A oposición: «Cando falo da oposición —dí o alcalde— refrome a eso que hai fóra e non á oposición dos veciños. Son os partidos políticos galegos. Os veciños que se opoñen non creo eu que estean vencellados a partido político ningún, non creo. Así é que as cartas á prensa están a seguir e son de xentes alleas ó municipio e con motivacións políticas».

—Hai quen pide unha moratoria de dez anos.

—Algúns... Pro resulta que has-

tra os países máis industrializados están poñendo centráis nucleares. Suecia, por exemplo. Mesmo Rusia. E nós xa estamos ben atrás, así que, sin a Central, quedaríamos máis atrás aínda. Mire, o da moratoria é un argumento que avanean os comunistas en Francia. E, logo moi sospeitoso que eiquí pase o mesmo. Por outra banda, tamén os países comunistas están embarcados nas centráis nucleares, Home, non é que eu crea que os ve-

ciños vaian a ser comunistas, o que pasa é que a xente fai o que lle contan de fóra. A desgracia é que non hai unha información veraz e ninguén se preocupou deso.

—Seica lle tocarán, coa central, catorce millóns ó Axuntamento.

—Xa, pro son máis de catorce. E máis de vinte, tamén. Con eses cartos poderíanse facer moitas cousas no municipio. Pro a postura do alcalde é moi difícil porque o atacan dende tódalas bandas. Penso que a postura máis honesta é estar xunto da maioría do pobo.

Polo momento, a piques de pechala presente edición de TEIMA, a devandita mesa redonda foi xa prohibida. Dunha banda estarían Francisco Bernejo, catedrático; Pedro Costa, periodista, e máis o economista Camilo Nogueira. De FENOSA, ó final, non quixeron vir, nin o Axuntamento de Xove fixo moito pra conquistar un local. Nogueira, polo demáis, quedaba declarado enemigo público número 1 do municipio.



O ALCALDE: MILLONS A MANTA

**NUNCA "XOVE"  
A GOSTO DE  
TODOS**



**Os veciños:**

## «Viñeron desafalazados»

non comenencia desas instalacións.

Daquelas escomenzaba o «Plan Enerxético Nacional» do Estado español. Dous anos máis tarde, ós montes de Souto de Xuances chegaban os técnicos e topógrafos de FENOSA pra toma-las medidas cara a construción dunha autopista:

—Tamén chegou a Guarda Civil con eles —dixo a TEIMA un home de Xuances— porque os veciños opuxémonos xa que non queríamos que desfixeran o monte sin tan siquera contar con nós. O mesmo alcalde de Xove, nunha xuntanza que se celebróu na praia de Estairo, chegou pra falar en vista de que non deixábase topografía-lo monte. Dende entón, o asunto quedóu atrancado e nunca máis se soubo. A autopista —engade o mesmo veciño— seica iba de Celeiro a Regodela pasando por Xuances. Din que, cecáis, tamén aproveitaría pra seguir deica San Ciprián, xunto da fábrica de Alúmina que están a instalar. Nos primeiros días dixéronos que a autopista iba ter uns once metros de ancho, pro logo soube-mos que os técnicos tiñan pensado anchar moito máis. Nós non quixemos e, moito menos, denantes de que abonaran as terras nun pre-cio xusto.

«Dende que saíu a noticia na prensa —dín os veciños nunha conversa que sostiveron cun redactor de TEIMA— de súpeto viñeron toma-las medidas da terra. Daquelas todo o mundo tiña medo porque decían que eran cousas do Estado e que, se nos poñíamos rabudos iban espropiar toda a zona. Ninguén veu daquelas, nin o alcalde. A ningún de nosoutros nos tomaron detalle ningún pra nada, non lle deron explicación a ninguén... Así que fo-

mos a Xove pra falar co alcalde e dixémoslle que íbamos recolle-las firmas pra nos opoñer. O alcalde di-xo: «Home, por favor, non as recollan que eu hei falar co gobernador e xa lles pasaréi razón a vostedes pra ver de chegar a un arranxo». Pois ben, aínda hoxe non chegou a razón e, sin permiso de ningún de nós, os técnicos de FENOSA puxéronse a pisa-las terras.

—Chegaron uns homes descoñecidos que dixeron que eran péritos. O cura de Vilachá (Santiso de Portocelo) fixo de interventor en todo e facilitóulle-las cousas pra toma-las medidas da terra. En canto remataron de medir, sin máis, mandáronos presentar os documentos das propiedades das fincas pra recoñecelas. Seica, dixeron os péritos, que aquilo cumpría pra que eles se poideran situar...

—Eiquí —suliña outro veciño— o máis listo foille o cura de Vilachá, dominando mesmo a homes na cama e convencendoos pra que firmaran. A min tentóu de me vencer. O alcalde de Xove veu un día cara acá, xunto ó cura de Vilachá, e nós, os veciños, máis dunha vez tivemos a sensación da existencia de maquinacións alá antre deles. Nós, namentres, víamolos vir todas xuntas.

Domingo, 22 do Nadal de 1974. Entre citas ó ex-presidente USA, Eisenhower, e ó desenrolo industrial, no Mercantil de Pontevedra a condesa das Forzas Eléctricas do Noroeste, Sociedad Anónima, recibía unha homenaxe. Namentres recollía nas mans unha insignia de ouro e brillantes, a condesa falaba: «Señores, tenemos que luchar para superar esta lenta agonía de Galicia...»

Dez días denantes, no miolo dos montes, as mulleres do municipio de Xove manifestábanse contra da Central Nuclear: ¡Non queremos-la Nuclear!, berraban as mulleres namentres os homes andaban a recoller firmas, 1.400, dirixidas ós alcaldes de Xove, Cervo e Viveiro pra solicitar unha moratoria de dez anos.

«...Tenemos que luchar por la Galicia que todos soñamos y llevamos muy en lo hondo de nuestro corazón», decía a condesa. Facía un ano, xa, cando os veciños dos devanditos municipios llan na prensa que unha planta nuclear se instalaría no lugar de Regodela: sesenta

por cento, FENOSA. Corenta por cento ELECTRA DEL VIESGO e HIDROELECTRICA DEL CANTABRICO.

### ESTA TERRA E NOSA

Cando hastra voces das chamadas oficiáis víñanse queixar do escaso marxe de tempo establecido pra información sobor da instalación de empresas contaminantes, trinta días, a prensa estatal esboubaba en titulares: «O litoral Cantábrico pódese chegar a convertir en «costa nuclear». Eran os primeiros días do 74: «E un prazo moi cativo pra un asunto que pode cambiar de xeito considerábel a faciana do noso litoral. A miña opinión é totalmente contraria á realización destes proxectos sin profundizar máis neles», víña a decir o entón conse-lleiro estatal por Guipúzcoa e hoxe ministro dos Asuntos Esteriores, Marcelino Oreja. Outras voces, tamén da España oficial, teimaban no mesmo: «Moitas das informacións que poídemos recoller sinalan a

### SOBORNOS E MILLONS

Os veciños de Vilachá, e máis outros, que falaron coa nosa Revista non lles dan voltas a historia:

—A Central Nuclear mándana pra eiquí, pra Galicia, porque din que non hai quen a torne. Chantan con ela eiquí e din «¡que se fastidien!»... ¿Qué lles interesa Galicia a eles? Eles o que queren son os car-tos.



YAÑEZ

A NOSA CONVERSA COAS AUTORIDADES FORON AS MULTAS

—Chegóume a mñ un día un home do Axuntamento de Viveiro e vai e dime que, se me fago coa maioría dos veciños, tócanos sete millóns a nosoutros e coa luz paga. Se as cousas foran así, nós cambiaríamos a residencia pra Viveiro. Claro, aquel home díxomo secretamente. Seica, deste xeito, o Axuntamento de Viveiro facíase coa Central Nuclear despóis de se facer coa maioría dos veciños. Nós dixemos que non, por suposto.

—O señor Quinteiro, de FENOSA, chegou logo a dar unha conferencia. Estas casas son inferiores, dixo, este pobo non e nada, rematóu. O que non é verdade: estas casas son novas todas elas, de canteira, xa non hai xente que se poña a facer casas deste xeito. Non hai casa ningunha que chegue ós corenta anos, todas son novas.

Os homes na riqueza marisqueira da costa lucense: «As carnes son as milliores e témo-la millor langosta, o millor percebe do mundo. O millor leite...» «Nesta casa —suliña outro— hai unha lanchiña que traballa no marisco e, entre os veciños máis próximos, temos máis de sesenta. Na costa de Lugo hai moitas máis».

«Aguantaremos hastra a última»: «Ou traslado da poboación —aseguran— e todos xuntos co mesmo capital que cada ún ten na beira da costa, non onde eles queiran porque, home, non nos van levar a unha Siberia. Queremos un sitio na beiramar pro un sitio coma este no llo hai no mundo...»

—Fálase de que escomenzarán a traballar na Central pra xaneiro ¿é certo?

—Eso dixo o inxeñeiro da Empresa pro é imposible porque, de nantes, terían que merca-las terras e nós non estamos dispostos a ven-

delas. Espropiación forzosa non a pode haber, non hai dereito a nós non estamos a ceder.

—Aparte das multas que lles puxeron, ¿qué outros contactos tiveron coas autoridades?

—Boh, pouco máis se soubo deso. Dende que quedaron instaladas as liñas eléctricas da torreta meteorolóxica non houbo máis ca silencio hastra agora. Hai dous meses, cando veu o señor Quinteiro de parte de FENOSA pra dar unha conferencia na mesma torreta vai e puxo á Guarda Civil na porta.

As multas escomenzaron cando, sin previa autorización dos veciños propietarios, os técnicos de FENOSA

puxéronse a parti-lo prado: «Esta terra é nosa», dixeron os veciños namentres os topógrafos franqueaban as leiras. Tempo despóis, novas sancións en tanto que, por baixo do camiño, FENOSA instalaba os cables dirixidos á torreta. Logo, terceira multa, as cousas agraváronse: «Chegou toda a Corporación Municipal de Xove e un veciño tivo un altercado co sarxento da Guarda Civil».

—Mesmo tiñan aparcado o coche no prado do meu xerro —dixo un veciño a TEIMA—. Entraron desafalazados: seino ben porque son ex-combatiente, estiveron na guerra e vin aquilo. Non vin eu autoridade

en apuros, máis que aquel día... Viñeron desafalazados e sin xustificantes de ningún xeito. Se chego a ser eu, daquelas, non sacan máis o coche de alí. Estaban no prado do meu xerro sin permiso ningún.

Os técnicos de FENOSA, hasta os enfrontamentos, campearon polas terras. Despóis, multas de cinco e dez mil pesetas caíron sobor dos veciños. A empresa medira dende Punta da Mansa hasta a Praia de Muiñelo. No medio, centro e centro da Nuclear, o lugar de Regodela. Os veciños chámano «O cú de Regodela». «Se nos botan, se vivimos da terra —din— ¿qué vai ser da nosa vida?»



YAÑEZ

«NON NOS VAIAN LEVAR A UNHA SIBERIA»

Nos cumios, a néboa, de cando en cando, deixa chegar pequenas raiolas que aproveitamos pra sacar algunha foto. Son as dez da mañá e vai moita friaxe nesta especie de pombal do Cebreiro que chaman escola. A vella estufa está sin gas. Os nenos van chegando, miran de reollo ós visitantes, e din «Bos días».

**Falan nenos, mestres e pais**

## Pedrafita do Cebreiro: viaxe ás escolas da neve

M. RIVAS

Abaixo están Os Nogáis, logo O Courel. Pedrafita non é sóio esa vila de cor da pizarra que separa Galicia do resto. O que non se ve na carretera que vai a Madrid son unhas 54 aldeas —sóio once delas comunicadas neste tempo—. Prós nenos do Cebreiro hai unhas 18 escolas unitarias: Pedrafita, Barxamaior, Foxos, Fonteferreira, Hospital, Busnullán, Louzarela, Veiga de Brañas, Zanfoga, Pacios, Chandepena, San Pedro, San Pedro de Riocereixa, Rabaceira, Santalla, Seixo, Teixeira e Noceda. Unhas son millores ca outras, pro a maioría teñen este xeito de pombal: pequeniñas, sin luz, con goteiras, húmedas...

Dun tempo pra acó, coa chegada de mestres novos, o ensino e a relación con pais e rapaces fíxose moi estreita nalgunha das aldeas. Xeralmente, as aldeas están a varios kilómetros das carreteras asfaltadas. Os mestres teñen que convivir, coñece-los problemas da poboación, botar incluso unha man no traballo... Non o fan todos, claro, pro o certo é que os veciños comentaron favorábelmente a TEIMA este proceso de achegamento.

### O «CASO» DA INSPECTORA

Pais, mestres e alumnos coincidiron en plantexar un problema inmediato: o dos rapaces da segunda etapa de E.X.B. que foron examinarse a Baralla en xuño pasado pra conquero-lo título de graduado escolar; exames que foron aprobados polos profesores e logo anulados sin aviso pola inspectora María Eudoxia Sáenz. Amáis de ós rapaces de Pedrafita, a anulación afectou tamén ós de Os Nogáis, Cervantes e Becerreá.

A pesares da anulación xeral, a devandita inspectora concedeu posteriormente tres títulos e os mestres preguntáronse o por qué

desta discriminación. A Inspección di que «as probas se desenvolveron en circunstancias tais que non permiten apreciar se realmente os mesmos estaban en posesión da debida preparación pra obte-lo Título de Graduado Escolar».

Os mestres respostaron no seu intre que son eles os que coñecen millor ós seus alumnos e a súa laboureira ó longo do curso, amáis de que os exames foron avaliados e aprobados conxuntamente polos mestres da zona no colexio de Baralla. Nunha carta publicada na prensa citaban unha resolución da Dirección Xeral de Ordenación Educativa de Maio do 1976 que di: «A calificación final do alumno será responsabilidade do equipo de profesores que lle impartíu ensino durante o curso».

A inspectora María Eudoxia é coñecida amáis por unha serie de opinións e comportamentos considerados pouco afortunados. Por exemplo, o primeiro problema con ela xurdiu cando nunha das primeiras xuntanzas cos mestres chamóulles «animalitos» por falar en galego. A resposta que deu cando lle

pediron explicacións pola anulación das actas foi a seguinte: «La prueba está anulada porque lo dice la inspectora de la zona». Unhas verbas ditas noutra ocasión amosan cecáis cal é a raigaña do asunto: «Los niños rurales no necesitan el graduado escolar, con el certificado de escolaridad pueden seguir la enseñanza profesional, ¿Por qué tiene que estudiar todo el mundo?».

Pro pra comprender este e outros problemas, millor recolle-las testemuñas directas de mestres, nenos e pais.

### FALAN OS MESTRES

—«Estamos sempre nun dilema: darlles un ensino alleo ou un ensino galego, darlles un ensino burgués ou un ensino popular».

—«Ti colles por exemplo a His-

toria e, claro, inda que lles deas un ensino obxectivo, ó chegar ós exames non vai servir de nada porque chegan ó grupo escolar e van e preguntanlles en qué ano morréu tal, ou cando conquistaron Granada...».

—«Cando foi o do graduado escolar quixemos poñer unhas preguntas específicas de Galicia (unha delas era «Solución ós problemas do campo») e primeiro aceptaron pra logo retiralas».

—«Non se pode levar adiante unha educación completa: intelectual e manual, pola carencia total de atención que se presta a este tipo de ensino».

—«Aquí paréceme que queren facer outra concentración escolar. Teñen que prever que a creación dos colexios e concentracións escolares respondan ás necesidades de cada lugar».

—«A lingua materna non debe utilizarse como enseñanza específica dunha lingua, limitada polo estado a un horario senón que se debe normaliza-lo seu uso dentro e fóra do horario escolar. O noso problema dentro da escola debe concretarse nun ensino en galego e non do galego».

(Recollido en magnetofón en varias conversas con mestres do Cebreiro neste mes de Nadal).

### FALAN OS NENOS

—«Pois a min me causou unha impresión moi grande a entrada da inspectora a escola porque entrou sin petar, e nos coyéu mui sorprendidas, ver entrar unha muller sin saber de dónde viñera. Na máis sinti-



SABELIÑA

«COMA UN POMBAL»



SABELIÑA

«ESCOLAS DA FRIAXE»

mos abrir a porta e aparece como si fora unha persona que non esistise.

E entón preguntóu pola mesa da Maestra, llo dixeron e estaba a papelera e pra apartala ye deu unha patada como si tivera algo en contra da papelera. E a min me parecêu mui mal a entrada da inspectora a escola por que nos recibíu como si nos non fóramos naide».

—«Oxe veu a inspectora da nosa escola a visitarnos, pero entróu na porta como se nunca escuela vira, asustóunos a todos e tamén a profesora, a min parecéume que estaba un pouco atrasada por lo menos debía petar na porta e segun entróu preguntóu po-la mesa da maestra».

—«A min causoume unha impresión bastante grande a visita da inspeutora a nosa escola. Porque nos estábamos estudiando e de repente vemos abrir a porta que foi tan perezosa que nin siquiera pedíu permiso pra entrar, entróu é de repente xa preguntóu pola mesa da mestra e por unha silla porque viña moi cansa; había alí unha papelera e xa lle parecía que lle estorbaba e deulle unha patada e moitas máis cousas. Ela parecíalle que nos éramos buros pero ela tamén e».

(Redaccións feitas por rapaces dunha escola de Pedrafita do Cebreiro comentando unha visita da inspectora da zona).

entendemos será co gallego que é o que falamos».

—«Home, faime boa gracia. Eu fun 18 anos a escola e a pouco máis saímos sin saber firmar. Aquel maestro que tivemos nós de noite xogaba a partida e de día botaba a sonetada a carón da estufa. Esto si che conto mentira que me... E logo, ó mediodía, discutía de política co cura e co secretario».

—«As rapazas non nos deixaban saír do pueblo. Non nos deixaban bailar».

—«Unha vez vestímonos con máscaras no antroido e castigaron a todos».

—«Antes ós mestres había que quitarlles a gorra, coma ós curas».

—«O pouco que sei aprendino cun mestre e aínda me doe a man. Tiña unha regra cunha circunferencia redonda e uns buracos e cando nos pegaba todos cantos buracos tiña a regra quedábanme na man».

—122 paisanos na escola ¿quén vos aguantaba? Tiña que dar pau».

—Home, dominar co medo non é o millor método».

—Hai crós na escola que necesitan castigo».

—Sí, pro que non vaia ser coma a maestra esa que houbo fai cinco anos que pegóulle unha malleira a un rapaz que tivemos que levalo ó médico».

## Ensino

# As outras cousas polas que pararon os mestres

### ESCAZ DE CENTROS

«Inda que o M.E.C. se esforzou en que parecera que as nosas reivindicacións eran exclusivamente salariais, o certo é que paramos por moitas outras cousas e non sóio pra que nos deran máis cartos». Este ano foron os ensinantes os que racharon o lume na loita por un ensino millor, vencellado á realidade galega. Insisten en que na última folga, á que posibelmente volten en xaneiro de non atenderse as súas reivindicacións, non sóio se estaba a pedir unha suba liñal e milloras profesionais —inda que sí eran reivindicacións prioritarias— senón tamén unha efectiva reestructuración e que os mestres participaran na planificación do ensino.

En Galicia a folga tivo bastante espallamento, mesmo no medio rural onde é máis difícil a coordinación. Igual que sucedeu no curso pasado, das conversas co Ministerio non saíu un acordo claro e os mestres non queren máis largas ás súas reivindicacións.

### PRIMEIRA OLLADA

Con este traballo xeral, TEIMA escomenza un repaso a unha problemática tan complexa coma é a do ensino. Da situación nalgúns casos pode dar bo reflexo o traballo que publicamos neste número sobor da zona de Pedrafita do Cebreiro. A falla de medios materiais é verdadeiramente grave, e máis na Galicia rural. Son os mestres das escolas unitarias e mistas os que viven máis de perto as necesidades destas escolas deixadas da man de Deus.

Agora, no inverno, escolas hai que nin cristáis teñen nas fiestras, escolas nas que chove, sin lugares de xogo que son tan importantes prós nenos, sin calefacción... E non fai falla ir ás quimbambas pra encontrarse con esta situación: nos mesmos barrios das cidades hai boas estampas neste senso.

A mesa da profesora feita dun caixón de gas cando na ten arrimada térmalle dela un rapás

Pro no principio hai outro problema se cabe máis grave: a falla de centros escolares, sobor de todo nos niveis de preescolar e E.X.B. No que respecta á preescolar, os centros que imparten especificamente este nivel son practicamente inesistentes, entre outras cousas polo que ó ensino privado non lle é rentabel. Son moi poucas as agrupacións escolares onde se acolle ós nenos menores de seis anos. Nas escolas unitarias os mestres teñen que atender ó mesmo tempo ós picariños que andan coas «a-e-i-o-u» cós rapaces da segunda etapa de E.X.B.

Nas cidades por ahí lles vai: a propia Delegación Provincial de Educación e Ciencia sinalaba que na Coruña-cidade hai catro centros estatáis de preescolar. Ese, máis ou menos, é tamén o número de guarderías e xardíns de infancia non privadas. Estas poden ser algunhas das conclusións: maioría de nenos sin posibilidade de ir a un centro nunha idade básica pra escomenzar a adquerir coñecementos, amontoamento de nenos nos poucos centros esistentes, gran número de postos de traballo potenciáis prós mestres que deste xeito están en paro...

Falábamos antes de esguello das guarderías. A falla de interés hacia elas da Administración chega até o punto de que, amáis de non facerse novas, as poucas que hai están a piques de pechar por falla de medios económicos, coma está pasando concretamente en Santiago.

### PEDAGOXIA «CAMP»

A falla de medios materiais e centros condiciona —amáis doutros factores— o propio xeito de impartí-lo ensino, os métodos pedagóxicos e os contidos.

(Pasa á páxina seguinte)



«QUEREMOS FALAR»

### FALAN OS PAIS

—«A maestra que temos agora é unha veciña máis. Os nenos falan agora con ela coma unha compañeira máis. Cando eu fun á escola dábamos os bós días e non contestaba. Eso pasóume a min. Era matemático. Unha vez un mestre pegóume unha hostia e estiven dous días sin oír nada. Cando o vía enriba de min ¡Díos mío querido! Eu penso que así un neno non se pode desenvolver, aprender ou ir preguntar algo que non se sabe. Si un neno ten medo non hai nada que facer».

—«Millor será falar na escola o que estamos falando nosoutros. Eso cae de caixón. Coma millor nos

—Arrincóulle dúas uñas e a outro deixóulle todo renegrido o lombo...»

—Sí fora hoxe non llo perdono».

—«Os nenos hai que enseñarlles algo do campo. Cada cousa no seu sitio. Si estamos en Galicia pois falar galego, o que pasa e que no falamos ben...»

—¡Falamos, ho!

—Hai zonas da provincia da Coruña que non hai quen os entenda...»

—Bo, pois os da Coruña din que onde se fala galego cerrado é na montaña de Lugo».

(Opinións de labregos de varias aldeas de Pedrafita do Cebreiro sobor dos mestres e do ensino recollidas en magnetofón neste mes de Nadal).



«LIBERTADE NO ENSINO»

(Ven da páxina anterior)

En aulas onde o número de alumnos é superior ós corenta, onde non existe espazo de xogo, onde non hai material pedagóxico, mal se pode chegar a un ensino que —no caso de preescolar sobor de todo— ten que ser sensitivo e non memorístico, activo e non pasivo.

As agrupacións escolares, cando non responden ás condicións da zona, coma sucede na meirande parte de Galicia, supoñen atrancos pró desenrolo dunha pedagogía axeitada ó medio.


Claro que os mestres sinalan máis causas de fondo: unha delas a propia preparación nas escolas de Formación do Profesorado de E.X.B. Tense dito xa moitas veces que estes centros —a diferenza das facultades universitarias— si-guen sendo un refuxio do autoritarismo. «Había profesores de pedagogía —decíanos un mestre— que non escoítaran falar de Freinet ou Paulo Freire e que baseaban as leccións en homes tan superados coma García de la Hoz». O ambiente recordaba os tempos nos que se adeprendían os números a partir da canción: «Un hombre cuando es soltero / resulta número entero. / Se casa y al otro día / ya es regla de Compañía: / Antes del mes de casado / es un número quebrado. / Nace un muchacho después y es una regla de tres; lo cual no impide a mi idea / que un número mixto sea».

## OS DESPIDOS

Os despidos nalgúns centros de- nantes de escomenza-lo curso dos profesores que máis se destacaron na loita por un cambio no ensino ven confirmar esa impresión de «bunker». Un dos casos máis soados foi o do despido de catro profesores da Escola de F. P. de E.X.B. de Lugo decidido polo director, Joaquín Marba, membro destacado do Movemento. «Dende a nosa presenza no Centro —decían os des-



«NINGUN NENO SIN ESCOLA»



pidos nunha carta á opinión pública —concebémo-lo Ensino como un servizo público, coa función concreta de transmiti-la «verdade científica», de fomenta-la integración do home na sociedade, de asumi-la problemática concreta da sociedade e nación galega, e dende esta perspectiva puxémonos sempre a disposición do alunado, e somentes unha razón o xustificaría: o alunado «financia» o ensino, é suxeito activo do mesmo e ten dereito a esixir do profesorado unha práctica coherente coa situación e necesi-


dade profesional dese alunado inscrito nun contesto concreto».

Outra cuestión moi debatida é a da programación e planificación do ensino e o papel das Inspeccións. A falla de democracia concétese nunha xerarquización e na imposibilidade —sobor de todo cando os mestres se atopan coa intrasixencia dalgún inspector/a cerril— de programar un ensino axeitado á realidade de cada zona. O sucedido en moitas bisbarras cos alumnos da segunda etapa de E.X.B. das escolas unitarias que teñen que esamínarse en colexios nacionais e sufrir un sóo esame que vai xuzgar toda a laboura dun rapaz ó longo dun curso, é un dos feitos que amosa a necesidade de que mestres, pais e alumnos teñan voz e voto na planificación do ensino. A intención co actual sistema, din os mestres, é que os nenos das aldeas teñan que estudar forzosamente formación profesional.

Todos estes problemas que viñemos enumerando participan dunha necesidade global: que o ensino sexa galego. Galego na lingua a empregar —nas escolas unitarias a cáseque totalidade dos nenos son galego-falantes—, galego tamén nos contidos. «Os libros falan da selva africana, das xirafas, dos elefantes; pro nada nos din do noso campo, dos animais que están ó noso arredor...».



PANADEIROS



UNHA PANADERIA POPULAR

Estes son os feitos: hai un ano «O Mariñeiro» de Adraña, perto de San Mamede en Carnota, escomezou a venda do pan. Era oito pesetas máis barato có dos outros panadeiros da zona. Días atrás apareceron naquela aldea, apartada seis kilómetros da carretera comarcal, dous homes, ó parecer detectives privados, que se fixeron pasar por periodistas, e que recolleron datos. Logo chegaría unha denuncia e o peche da panadería.

## CARNOTA: Un panadeiro perseguido

«Ou pechan esa panadería ou perdo a saia». Segundo os veciños estas foron algunhas das verbas que dixo don Ramón, un dos curas da zona, e que xa tomou partido claramente polos do pan caro. Non tardou en coñece-la resposta dos

veciños de San Mamede: «Non iremos votar nin á misa, namentras non lle abran a panadería ó Mariñeiro». Preguntados o por qué de non ir á misa dixeron a TEIMA: «Xa que os curas se meten nestas cousas, nós non imos á misa».

Amáis do Mariñeiro hai na zona de Carnota outros panadeiros en Grilo, Lira, Largo... Eles venden o pan a 33 pesetas kilo e o Mariñeiro vendíao a 25 pesetas. «Inda así —decían na panadería— daba car-  
tos».

**O pan noso  
de cada día,  
pro máis  
barato**

### OUTRA «MAFIA»

A orde do peche veu de Industria e as causas que citaban eran relativas ás condicións da panadería. O Mariñeiro solicitou que viñera unha inspección de Industria e outra de Sanidade, que, despois da visita, deron o visto bo á panadería e aseguraron que cumpría tódalas condicións esixidas. «Viñeron hai uns 15 días pro os papéis dando a autorización oficial non chegan». Unha vez díxéronlles que os papéis xa estaban en camiño, outra que xa os traía un inxeñeiro. Pro non chegan e os veciños xa falan dunha ramificación da «mafia» do pan ó estilo de Madrid.

Todo o pobo está co Mariñeiro, Chegouse a facer na zona, cecás por vez primeira, unha manifestación en solidariedade con el na que participaron máis de douscentos veciños que se disolveron ante a presenza da Guarda Civil. As pancartas que levaban eran ben espresivas: «Todos loitamos polo pan noso de cada día», «San Mamed pide o teu pan, Mariñeiro»... De non solucionarse o asunto axiña pensan solicitar permiso pra outra manifestación.

Os veciños teñen razóns de moito peso pra estar polo pan do Mariñeiro: consideran que se aforrían —«cando estamos tan fodidos economicamente»— uns seis millóns de pesetas ó ano. Das razóns dos outros pode dar boa idea esta frase: «Dixéronnos que inda habíamos ter que comer pan con merda».



ADRAÑA: TODOS CO «MARIÑEIRO»

## Negra sombra

# ¿Funcionarios Sindicais na Administración Civil?

**Hai moito descontento e sobor de todo preocupación entre os traballadores da Administración pública que presinten lles traspasarán os seus corpos ós empregados da Organización Sindical ó desfacerse esta. Pra tranquilizalos, o Goberno, por decreto, inventou a Administración Institucional de Servicios Socio-profesionais. Pro o perigo continúa porque ó pasaren a ese organismo autónomo os sindicais adquirirían a condición de funcionarios públicos e ó cabo dalgún tempo, simplemente con suprimir a AISSP, poderían entrar con dereito na Administración Pública. Da situación en Galicia, fá-lase nesta reportaxe.**

O catro do Nadal xuntáronse en Santiago representantes da meirande parte dos ministerios civís con delegación nas catro provincias galegas. A cita tiña unha motivación principal: artellar unha postura conxunta e unificada dos funcionarios da Administración Civil do Estado fronte ó intento, por parte do Goberno de Madrid, de integrarlles nas súas plantillas ós empregados do fenecido sindicato do réxime.

A xuntanza, sin antecedentes en Galicia e quizais no resto do estado polo menos nos últimos corenta anos, é reflexo da toma de conciencia dos funcionarios ante un problema que «tampouco ten antecedentes nin explicación posíbel. Dixéronnos persoas relacionadas con medios funcionariáis que unha cousa é ser disciplinados, como de feito son, e outra que aprofitándose desa lealtade, lles queiran arruinar a carreira ou politizar uns cadros profesionais, que están ó servizo, non de unha ideoloxía concreta coma a xente que lles queren integrar, senón ó servizo dos que pagan a contribución.

### PRIMEIRAS REACCIONS EN GALICIA

Cando se coñeceu a intención do Goberno no senso de desmontar a O.S. e trafega-lo seu persoal ós corpos xerais da Admon. Pública, xurdíu a inquedanza na familia funcional. Sobor de todo a xente nova escomezou a remenxerse e a falar con compañeiros de outras dependencias da ameaza, o que deu pé ás primeiras xuntanzas a nivel provincial.

Neste senso a primeira noticia que temos é de Pontevedra onde alá polo mes de Setembro mandouse un escrito ó Presidente do Goberno manifestándolle a súa oposición ó proxecto. Noutros puntos de España fíxose algo parecido e Madrid respondéulles creando a AISSP que non garantiza nada.

A partir de eiquí os movementos de oposición á integración dos sindicais sucedéronse en varias provincias. En Galicia tamén —escritos, reunións— e foi a delegación da Facenda da Coruña a que deu un paso forte ó facer un paro a finais de Novembro.

Por estas mesmas datas na meirande parte das delegacións ministeriais das catro provincias celebráronse asambleas democráticas pra eleixir representantes e artellar conxuntamente a postura a seguir, a cal se concretou na xuntanza de Santiago da que saíu un escrito, firmado pola meirande parte dos funcionarios do país galego, dándolle un prazo ó goberno pra que lles garantizara que non ían ser perxudicados nin agora nin no futuro.

En relación coa firma desde escrito, TEIMA poido saber que nunha delegación de Lugo —afirmóuse nos que na da Industria— sóo ían firmar un ou dous funcionarios. O sabelo, o delegado ameazounos con medidas draconianas, o que provocou a inmediata firma de tódolos compoñentes da delegación.

Na Facenda da Coruña tampouco o xefe quixo facilitárlle-las cousas hastra que se veu superado polos acontecementos.

Estas anécdotas —do tipo delas hai máis— reflexa a situación laboral dos traballadores públicos ameazados por unha banda pola xerarquía e atracandos anque pouco, por esa pequena parte de «funcionarios» (dos do «volva vostede mañá, pés no 1976 e a cabeza nantronte) ós que lles costa comprometerse por medo a perde prebendas. «E acabarán perdéndoas —comentou un dos nosos interlocutores— porque os que nos queren trasvasar teñen máis ca eles».

### MAIS FUNCIONARIOS SINDICAIS CA EN TODA A ADMINISTRACION CIVIL

«Os funcionarios civís somos seleccionados por unhas oposicións cada vez máis severas; non nos parece o millor sistema, pro ten unha seriedade e son conforme a Ley de Funcionarios do 64, a única maneira de adqueri-la condición de funcionario. Namentras, os de Sindicatos todos sabemos que no millor dos casos son reclutados a ollo e onde conta tanto a titulación e coñecementos, coma a identificación co sindicato vertical».

Dende logo a relación soldos-función ten diferencias pouco comprensibeis (vexa o cadro núm. 1). Namentras un técnico de sindicatos ten de coeficiente 5 (sóo medio punto menos ca un catedrático de universidade) o da Administración Civil ten 4. Un porteiro de sindicatos ten o 2,5 e o seu homónimo o 1,3, ou sexa que aquel, con Estudos Primarios, ten máis soldo ca un xefe de Negociado da Administración que ten o 2,3, esíxenlle pra entrar Bachillerato Superior.

Non poidemos saber con esactitude cantos funcionarios sindicais hai en Galicia. Tampouco importa moito o dato porque, como dende hai pouco aumentan cada semá poderíamos quedar pequeno, e por outra parte ó coñecerse os do Estado está claro que se produciría unha auténtica invasión.

Hai dous meses na prensa viña que había uns 34.000 funcionarios sindicais. Recentemente o diario «El País» xa falaba de 50.000... Cal-

quera das cantidades é monstruosa pra integrala nas plantillas dos corpos xerais da Administración Civil que andan ó redor dos 25.000 en toda España.

O problema —coincidiron as distintas persoas consultadas polos autores deste traballo— téñeno que resolver pro non a costa da Administración Pública. Hay solucións como xubilar ós sindicais que levan traballando 35 anos; os que ya teñen duplicidade de emprego —que hai moitos— que se acollan ó outro; os que entraron nos últimos tempos; dende que se empezou a falar do desmontaxe da O.S., non deberan ter outro dereito que o de face-la correspondente oposición á Admón. Civil (que botou, en vez de simular probas selectivas, ós seus contratados) se queren traballar nela.

### NEGRA SOMBRA, \* NEGRA SOMBRA...

O problema que crearía a integración dos empregados sindicais na Administración Pública —Educación e Ciencia, Agricultura, Información e Turismo, Obras Públicas, etc.— non é somentes dos que xa traballan nos ministerios civís, pois aínda que estes verían pechadas as posibilidades de promoción e millora profesional, máis negra vai se-la cousa prá mocidade galega que, o non ter postos de traballo na súa terra, van percurando, nunha boa parte, un sitio pra gaña-lo pan no sector servizo. A Administración, sobor de todo nas capitais galegas pouco industrializadas, é unha fonte de postos de traballo importante que agora corre perigo de quedar cortada por moitos anos.

Os que están estudiando —díxo-lle a TEIMA un grupo de funcionarios— coa mirada posta en conquistar eiquí un posto administrativo do Estado poucas posibilidades van ter se os «copan» os de Sindicatos. Tamén por ahí haberá que emigrar. O problema —remataron— no é sóo noso nin estamos contra ningún. O problema tamén e da sociedade galega».

Os funcionarios da Administración Civil de Galicia, pola súa parte, están a espera das garantías pedidas ó goberno na segunda semá do Nadal. A historia e as accións, quedas agora nas vacacións, poden coller outros camiños serios despóis de pasar Reis.



O problema dos PNN de institutos (un vello tema do que compre falar con vagar máis adiante) é actualidade e aínda o será máis nas próximas semás. Isto non é máis ca un adiamento. Hai pouco que se axuntou en Madrid a coordinadora a nivel do Estado Español dos PNN de Institutos de Bachillerato pra falaren das súas reivindicacións, da súa estabilidade no emprego e, sobor de todo, de cómo van negociar (ou cómo se van facer fortes) fronte ás próximas oposicións que convoque o Ministerio de Educación e Ciencia.

## Oposicións e P.N.N.

# As dúas caras da moeda

«Se o Ministerio convoca oposicións imos á folga. Coidamos que a convocatoria é unha definición de que non se vai resolver a nosa inestabilidade no emprego, unha reivindicación pola que vimos loitando hai unha chea de tempo. As oposicións non son a solución xusta e nós queremos a nosa seguridade no traballo, coma calquera outro traballador. Sobor de todo se temos en conta que a meirande parte dos Institutos están atendidos hoxe por profesores non numerarios precisamente».

Máis ou menos deste xeito se espresan os PNN de toda España. E os galegos tamén. Ademais, esíxese o dereito a que cada pobo poida vivi-lo ensino, ensinar dende a súa propia lingua e a súa cultura, no noso caso dende a lingua e a cultura galega. Non é nova a historia tampouco. Os PNN sintense fortes e ameazan cunha folga xeral a partires de xaneiro se o Ministerio non admite as reivindicacións mínimas. Agora ben, a moeda ten sempre dúas caras.

### ¿QUE PASA COS PARADOS?

Hai un feito claro: o alto porcentaxe de parados, algúns dos cais están a preparar, precisamente, esas oposicións que agora os PNN non están dispostos a admitir. E están a preparar esas oposicións coma único sistema de atopar traballo. «Entrar nos institutos é cada día máis difícil —esplicaba a TEIMA un destes licenciados en paro, que hasta hai pouco tentou os camiños do subempleo no ensino sin éxito ningún—. Son cuntos pechados onde sigue a manda-la recomendación, onde entran úns e outros non, onde ás veces, mesmo tes que contar coa recomendación de determinado grupo ou familia política pra entrar, pra que apoie a túa solicitude. Ou con estes ou co director do centro. Saímos dun xeito de recomendación e entramos noutro».

TEIMA non entra na polémica. Acolle somentes ás dúas partes. Os

PNN dos institutos din que eles están dispostos a dialogar cos licenciados parados (xa que todos teñen o mesmo problema) o mellor xeito de levar adiante unha loita conxunta, que están dispostos ó diálogo, que queren a discusión, pro que non admiten a convocatoria das oposicións.

### TRABALLO PRA TODOS

«Moi ben. As oposicións non son un sistema xusto, pro ¿cál é o sistema xusto? —responde a outra parte—. Se quero entrar a traballar, o que coído que teño todo o dereito, e non atopo quen me apoie pra entrar eiquí ou alí, ou non quero que me apoie ninguén, sinxelamente ¿qué alternativa teño? As oposicións, prós que estamos en paro ou subempleados, son hoxe a nosa única alternativa. Non hai outras».

E trátase de atopar outra, din os PNN. Pro os parados din tamén que pode levar moito tempo a procura e que é posíbel tamén que cando os que agora loitan dende os institutos teñan o seu posto seguro (a súa cátedra ou o que sexa, enténdase: sexan numerarios) se esquezan da maioría, que sigue en paro ou subempleada. Así as cousas, a moeda do ensino ten caras diferentes asegún se mire.

Dende a posición de forza dos PNN de toda España, nas próximas semás haberá polémica arredor deste tema. Os parados láianse, de que os Colexios de Doctores e Licenciados non sirven máis que ós intereses dos PNN. Pra éstos, o contrato laboral (e non adeministrativo) considérase básico cara á estabilidade no emprego. ¿Oposicións restrinxidas pra eles nada máis? Eso é o que temen os licenciados en paro que hoxe están a preparar, á procura dun posto de traballo, que o Ministerio, pra saír da situación, convoque oposicións, pro restrinxidas ós PNN nada máis. Os PNN neste senso aínda non se definiron. Polo menos non o fixeron no intre de redactar esta crónica.

Dende o pasado 2 de novembro a Metalúrxica Viguesa, do sector da Metalgráfica, está en paro. O conflito escomenzou denantes da «xornada de loita do 12 de Santos», denantes mesmo do «problema-Barreras». Pro sigue sin solución. 350 traballadores despedidos (dunha plantilla de 373). A empresa di que deica o 10 de Xaneiro non abre as portas da fábrica, que ela non ten presa ningunha.

## 350 TRABALLADORES DESPEDIDOS

# A «Metalúrxica» sigue

### SEGURIDADE E HIXIENE

«Mentras se negaba a dar melloiras nas condicións de Seguridade e Hixiene en que estamos traballando, —din os obreiros— a empresa amplía arreo as súas instalacións, mesmo sin licencia municipal, constrúe novas naves, etc. As condicións hixiénicas en que traballamos son abafantes, os poucos servicios que había botáronse abaixo pra ampliar a produción. E a empresa di que esto tampouco se negocia», din os traballadores.

Non se ven moitas vías de solución, dada a actitude empresarial. Tampouco hai grande solidariedade, de non ser algunhas excepcións, nas factorías veciñas. Os tempos son difíciles. O peche da empresa hasta o 10 de Xaneiro supón, cáseque, seguro, a perda do dereito ás vacacións dunha meirande parte dos traballadores. Mentres, a Metalúrxica está a rematar unha nova fábrica.

«¿Non é xusto que esixamos-los nosos dereitos? —din estes—. Os nosos xornáis están moi por debaixo dos do resto do sector. Un peón (categoría que noutras empresas xa non existe, pro eiquí sí) cobra tres mil pesetas á semá por oito horas de traballo. Ten que ir ás extraordinarias, naturalmente. Aínda máis, o sector da metalgráfica está atravesando por un bo momento».

O caso é que pró Nadal os traballadores organizaron unha campaña pra conquistar viandas (pra comer e beber), partidos de fútbol pra conseguir cartos (non foi moita xente tampouco), entradas pra unha película de cine e unha chea de actividades máis pra ir resistindo. ¿Qué vai pasar o 10 de Xaneiro? Eso quixeran saber os 350 traballadores despedidos. O conflito máis vello nestes intres en Vigo. Polo menos o máis vello con estas características. A alternativa dos traballadores, nestes intres, é a volta de todos ó traballo, sin excepcións.

«Os traballadores denunciámola intransixencia da empresa, a incapacidade de diálogo da patronal. Eiquí é onde reside o eixo do problema. Unha cousa que tiña que estar resolta e que se complicou deica posicións increíbeis», esplicaban a TEIMA representantes dos obreiros da Metalúrxica. ¿Cómo escomenzou o conflito? O 28 de Outubro houbo un paro de media hora na empresa pra defender unha táboa reivindicativa. A resposta da patronal foi o despido de dous traballadores: Elvira Souto e máis X. A. Ballesteros. No intre de redactar esta crónica a Maxistratura fallou xa a favor da primeira, aínda está pendente o resultado do xuício de Ballesteros.

O 2 de Novembro declárase o paro total. Hai unha táboa reivindicativa readmisión dos dous despedidos, 3.000 pts. de aumento liñal (xa que a Metalúrxica Viguesa ten uns soldos moi por debaixo dos das outras empresas do mesmo sector, 3.000 pts. á semá un peón por oito horas de traballado máis hora e media á semá pra recuperar festivos e pontes) e que os 125 eventuais entraran en plantilla. A empresa négase a negociar nada. Escomenzan as entrevistas de sempre: o delegado de Sindicatos, o de Traballo, o Gobernador Civil, un tento de entrevista co ministro de Industria que non se chegou celebrar, Pérez Puga como procurador en Cortes pola provincia pontevedresa, mesmo o xerente da Gran Area Industrial de Galicia e o director xeral de Traballo. Nada. A empresa, ó traveso da xerencia, presenta 350 cartas de despido ós traballadores, négase a da-lo aumento liñal e tampouco pasa polo dos eventuais. O final a patronal ten xa unha lista de 22 despedidos sobor da que non está disposta a negociar.

# Fortes: Conversa cun ex-capitán



«O EXERCITO E POLITICO»

O 30 de Marzo de 1975 dictábase a sentenza que botaba do Exército Español ós militares (nove) acusados de pertencer á Unión Militar Democrática (UMD). Un deses militares era capitán en Pontevedra, galego, Xosé Fortes Bouzán, corenta e un anos, casado, cinco fillos. Dende aquel día de Marzo pasaron moitas cousas. Fortes é profesor agora en Pontevedra (licenciado en Historia) e traballa ademais, na nova etapa da revista «Vagalume». Sigue a considerarse un militar. Está absolutamente seguro da súa volta, da súa e da dos seus compañeiros, cando a democracia chegue.

T.—Se che parece podemos escomenzar pola túa posición persoal. ¿Onde está Fortes Bouzán politicamente?

FORTES BOUZAN.—E unha pregunta complexa. Ten en conta que eu levo sin estar en activo uns meses e, pola contra, teño 23 ou 24 anos vivindo o Exército. Teño cicáis a formación ou malformación, non sei, partidaria do Exército. Pró Exército o non entrar no compromiso de partidos políticos é fundamental prá súa unidade. Agora ben,

eso non quere dicir que eu sexa contrario ós partidos, non. O Exército non pode vivi-la realidade política do país, o Exército ten que secunda-los cambios que a sociedade vaia demandando.

T.—Sin embargo, fálase arreo dun Exército apolítico.

F. B.—Compre non confundir unha cousa coa outra. Xa digo que o Exército non pode vivir de costas ó que está pasando ó seu redor, na rúa, na sociedade. Quen di que o Exército non é político está a adoitarse xa unha posición política. O Exército é político. Agora ben, é unha institución sempre ó servizo da sociedade, da comunidade, e que, polo mesmo, ten que apoiar e reforza-las decisións democráticas da comunidade que o sostén.

## EXERCITO E DEMOCRACIA

T.—Estamos a vivir un tempo decisivo na realidade do Estado Español, o tempo do cambio, da transición. Relacións Exército-Réxime Político.

F. B.—As millores relacións danse cando o Réxime conta cun apoio e respaldo popular. O peor que pode pasar, pola contra, é cando o

## «Quen di que o Exército non é político está a adoitarse xa unha posición política»

Réxime político se militariza e militariza entón á sociedade, anque sexa decindo que non fai política, impondo os principios militares do orde, a disciplina, a xerarquización, etc., na vida política, principios que son funcionais na institución militar, non consustanciáis coma moitos pensan.

T.—Pro ¿pra qué serve o Exército nunha sociedade, nunha democracia? ¿Cál é o seu papel?

F. B.—Garantiza a autonomía dun Estado e, ó mesmo tempo, é ou debe se-la garantía da marcha política da sociedade, marcha política acorde cos intereses democráticos da sociedade e que ela mesma ten de decidir ó traveso dos seus organismos, institucións, etc.

Claro que esta discusión non é nova na historia de España. Por exemplo, en 1812 chega a haber dous Exércitos. Un pró exterior, o Exército do Rei. Outro interior, o Exército da Constitución. Os seus sistemas de réxime interior e de organización son ás veces mesmo antagónicos. O interior chegaba a elixir democráticamente os seus cárregos, a xerarquía militar entre os soldados, oficiáis, etc.

## A QUESTION DO EXERCITO

T.—Fagamos política-ficción, Fortes. ¿Sería eso posíbel?

F. B.—O qué...

T.—Un sistema electivo pra mandos e xerarquía militar.

F. B.—Claro que é posíbel. Haberíao que artellar axeitadamente, por suposto, porque non todo o mundo ten coñecementos e especialidade tampouco pra votar calquera cousa. Quero dicir que un Maxistrado pode ser perfectamente elixido entre abogados, por exemplo. Por outra banda, non considere ningún erro pensar que os cidadáns teñan dereito a elixi-las altas xerarquías, por exemplo, de algo tan importante pra unha comunidade coma é o seu Exército.

Aínda máis, pra min o problema



YANEZ

«EU COIDO QUE VOLTAREMOS.»

é non poder falar abertamente de todo esto. ¿Por qué non se pode falar do Exército, analizar, discuti-lo seu papel e funcionamento, a súa mesma organización? Paréceme un erro moi grave esa imaxe do Exército coma realidade intocabel e allea, indiscutíbel, incuestionábel. Manter unha situación así é un xeito de renunci-lo pobo á súa soberanía. De feito nin a esquerda nin a dereita se preocupan pola realidade e futuro do Exército. Admiten a súa incuestionabilidade, e nada máis. E eu penso que os temas militares son temas que importan moito a todo o país, que deben importar ser plantexados, non quedar en «asuntos internos».

T.—A polémica non é de agora.

F. B.—E certo. Non é de agora. Cando en 1918 botaran do Estado Maior a 25 alumnos houbo unha discusión moi coñecida entre Primo de Rivera e Unamuno. Primo de Rivera decía que esas eran cuestións que o Exército tiña que resolver dentro de sí mesmo. Unamuno soñaba o contrario. Eu estou con Unamuno. Por outra banda, se me deixas seguir coas citas históricas, Lenin decía claramente que nunha situación de cambio ou transición o Exército é sempre a primeira cuestión, por enriba das outras, pra garantir-lo que poida vir.

## XOGAR COS MITOS

T.—Pro o Exército é unha incógnita hoxe. Por exemplo, cada vez que hai que falar de cambios, de democracia, alguén saca a pantasma do Pinochet. ¿E posíbel un Pinochetazo aquí?

F. B.—De ningún xeito. Primei-

## «Os golpes de Estado xa non os dan os xeneráís»

ro, porque eso sóio se da nunhas condicións obxetivas de situación social incontrolábel na que o Exército, nun intre determinado, representa cáseque a única seguridade posíbel. Segundo, porque os golpes xa non os dan xeneráís. O golpe do 36 foi cousa máis ben de capitáns, por exemplo. Habería que contar agora co corpo de oficiáis, e éstos non están dispostos a unha postura dese tipo, aínda que non sexa máis ca por unha cuestión xeracional.

T.—Tamén se fala de que hai dúas grandes pantasma que o Exército Español non admite de ningún xeito: o comunismo e o problema das nacionalidades, das reivindicacións nacionais dentro do Estado.

F. B.—Mira, eses son mitos empregados por un Réximen concreto. Nada máis. Ademais, o Exército non é a xerarquía. Compre decatarse desto tamén. O papel do Exército é o de apoia-las demandas democráticas que vai pedindo a so-

cidade en cada intre. Pois ben, estas son cuestións que ten que resolve-la sociedade, e o Exército como institución non hai por qué lle preguntar nada. Non son atribucións súas.

Se mañá a sociedade española decide democráticamente gobernos en Catalunya, Euzkadi e Galicia, o Exército debe asumir esa legalidade que dá a democracia. Ademais, o concepto de patria como algo inamovíbel xa non é o que era nin ten a mesma significación por riba e por baixo, por máis e por menos.

T.—Explica un pouquiño máis esto.

F. B.—Velaquí as organizacións supranacionais, mesmo prá defensa concretamente, a nivel europeo, a nivel de determinados bloques de países. Un Estado federal, por exemplo, nada ten que ver coa unidade do Exército. Sobor de todo cando esa unidade tenda a ser máis aberta e abranguedora en cooperación con outros exércitos, etc. Tampouco somos nós os únicos que temos estes problemas. Velaquí o caso da Gran Bretaña: Inglaterra, Escocia, Gales, ós que lles devolven agora a súa soberanía...

## A U.M.D., UN ESTADO DE OPINION

T.—Acabo de ver unha pintada na rúa que di «Por unha mili na Terra».

F. B.—E paréceme moi ben, é lóxico. Con este sistema de levar á xente fóra do país, que ten unha explicación claramente política, volvemos ó sistema borbónico. Era o mesmo.

T.—Podemos falar da UMD. Logo de todos estes meses, ¿cómo vedes agora a vosa expulsión?

F. B.—Coidamos que se nos tratou con demasiada dureza, que foi unha xogada de forza dun Réxime pouco flexíbel pra demostrar que non eran posíbeis os cambios nin as iniciativas ó marxe da xerarquía. Pra min a expulsión foi unha experiencia da que non estou arrepentido porque é parte da miña vida e é unha parvada arrepentirse de cou-

sas así. Cando un asume unha posición ética ten que ir ónde esta posición o leve. Non teño mala conciencia. Ademais, no meu íntimo sigo sendo un militar, anque estea fóra hoxe. Os tempos cambian. Hoxe eu penso que dentro do Exército hai só unha minoría, moi próxima á xerarquía, que coida te-las verdades absolutas aínda no peto, que cre nesas verdades inmutabeis. Neste senso a UMD é testigo dun estado de opinión. Non tan importante pola súa entidade como polo estado de conciencia xeral que poida haber debaixo dela. E coido que voltaremos.

T.—¿Pensábadas cicáis nun 25 de abril?


F. B.—Mira, tampouco as Cortes de Cádiz poderían ser sin a Revolución Francesa. Todo ten relación con todo. ¿Cómo non pensar en Chile como experiencia negativa? A proximidad de Portugal era moi importante, certas semellanzas de todo tipo, etc. Ademais, o gran simbolismo do 25 de abril portugués era, pra todos nós, a imaxe dun pobo topando na rúa ó seu propio Exército. Esto era e sigue a ser moi importante.

(As declaracións foron recollidas e ordenadas logo por Víctor F. Freixanes. As fotografías son de Manolo Yáñez).


## 25 de abril portugués: «pra nós foi a imaxe dun pobo topando na rúa o seu propio Exército»



YÁÑEZ



YÁÑEZ



**PAZ Y FELICIDAD**

**Azulejos López**

*C. SAN FRANCISCO BLANCO, 1 Y 3 (CARR. DE VIGO - AL LADO ESTACION)  
TELF. 217796 - ORENSE*



Alvaro Cunhal, secretario xeral do Partido Comunista Portugués, definiu recentemente a situación política portuguesa utilizando unha metáfora da que se ten servido en varias oportunidades despóis do 25 de abril: «A Revolución entrou nunha curva apretada e perigosa». O corresponsal de TEIMA en Lisboa, CARLOS PORTO, analiza nesta crónica o momento político portugués.

Portugal

pobos  
ibéricos

Pra entende-lo significado desa expresión debemos face-la lectura do momento político que o país vive non sóo a traveso dos sinais visíbeis senón tamén das correntes subterráneas que o atravesan. Referiremos como primeiro exemplo de sinal visíbel dunha crise que non cesa de se agravar dende a subida ó poder do Partido Socialista, a actitude de forza tomada polo Goberno en relación á Reforma Agraria, restituíndo parte dunha Unidade Colectiva de Produción ó seu antigo propietario sin ter en conta a complexidade do problema e tódalas facetas da Lei que di querer aplicar (e aquilo que se chama o caso da Herdade da Lobata).

#### A GUARDA NACIONAL NO ALENTEJO

Esta actitude gubernamental que implicou o uso de forzas militarizadas, que se mantén, ven a continuación da dimisión do ministro de Agricultura e Pescas, Lopes Cardoso, por diverxencias cos seus colegas de Gabinete e de Partido en relación coa política agraria. En declaracións posteriores, Lopes Cardoso definiu a situación cunha frase significativa:

«Ou se aplica a política que eu preconizo ou mándase a Guarda Nacional Republicana pró Alentejo». O Goberno optou pola segunda, despóis da substitución do ministro Lopes Cardoso, e neste momento é difícil albisca hastra onde poderá ir esta espiral de arbitrariedades. Non é serio defende-la aplicación da lei no que se refire á desocupación de terras, sin falar da lei de espropiações, cando se sabe que aínda hai no Alentejo cerca de 800.000 hectáreas de terra por espropiar e entregar a aqueles que a traballan.

Outro exemplo fala da incapacidade do Goberno pra cumprir mínimamente as promesas feitas cando fixo a presentación do seu programa. Un semanario non sospeitoso de simpatías da Esquerda —o «Expresso»— ocupa unha parte do editorial político do seu último número coa lista de decretos que o Goberno se comprometera a enviar á «Assembleia da República» hastra o

15 de novembro sin que o tivese feito e sin que tivese dado calquera explicación sobre o feito.

#### A REACCION DE PIRES VELOSO

Referiremos aínda un terceiro sinal visíbel da inestabilidade que continúa a marca-la nosa situación dous anos e medio despóis do cese do fascismo. Anque se trate aparentemente dun incidente sin grande incidencia parécenos especialmente significativo por vermos nel a superficie dun «íceberg» do que descoñecemos-las dimensións. Nas conmemoracións do 25 de novembro —ou sexa, na data en que se rexistrou unha viraxe dereitista motivada por acontecementos de carácter militar que aínda non están debidamente clarificados— verificóuse que nas manifestacións feitas na cidade de Porto fora colocado na tribuna presidida polo xeneral Pires Veloso —un dos homes fortes despóis do 25 de novembro— un oficial que estivo recentemente detido por suposta complicidade na serie de atentados bombistas que arrasaron sobre todo o Norte, pro tamén Lisboa, en 1975 e aínda en 1976. Ceibe máis en situación de liberdade provisional, suspendido das súas funcións de xefe da policía portuense deica o completo esclarecemento do caso, o referido oficial non é, pois, un cidadán por riba de toda sospeita, como a súa presenza xunto a Pires Veloso parecía indicar. Un semanario lisboeta —«O Jornal»— publicou unha fotografía bastante elucidativa acompañada dun comentario no que se queixaba do ocorrido, que consideraba un escándalo. A reacción do xeneral Pires Veloso consistiu nunha daquelas actitudes que fan pasar un arrepío polo espiñazo de

quen cre nos valores da liberdade, da intelixencia, da xusticia (do socialismo). Despóis de informar a «O Jornal» de que fora él mesmo quen colocara ó xefe da policía en situación de suspenso na tribuna, por ser amigo del, engadía que na súa opinión os xornais que publican mentiras deberían ser queimados. Abstémonos de tecer comentarios sobre un asunto que xa fixo correr bastante tinta (mesmo un xornal como o «Diario de Noticias», tan próximo ás forzas do 25 de novembro, no se es mío de critica-las declaracións do xeneral Pires Veloso).

#### MAN BLANDA PROS EX-P.I.D.E.S.

Máis aló destes incidentes, de maior ou menor gravidade pro significativos dunha crise aínda por determinar, convén estar atento a outros síntomas, menos óbvios mais poida que dunha meirande gravidade. Referiremos somentes dous: dun lado, a recuperación dos antigos cargos a nivel do aparello do Estado, das empresas nacionalizadas e das empresas privadas, por elementos cujo compromiso co réxime fascista é ben coñecido. Esa ocupación de postos importantes por parte de ex-fascistas, algúns deles con actividades que fan hastra a complicidade ou mesmo responsabilidade policial, e que non poderán deixar de ser enemigos do proceso de democratización, non pode deixar de ser preocupante. Este feito, ligado á benevolencia con que son tratados o elementos da expolicía política (P.I.D.E.-D.G.S.), un deles acaba de sufrir unha pena simbólica dun tribunal militar, e aínda a proliferación da Prensa da Dereita, cada vez máis violenta e descarada, aumenta a ambigüedade da nosa situación política.

#### ¿RUPTURA NO P.S.?

Esa ambigüedade é naturalmente ampliada e agravada pola propia situación do Partido Socialista que continúa sin conseguir resolve-los problemas internos a que nos referimos na nosa primeira crónica. Polo contrario, eses problemas tenden a agravarse, téndose rexistrado últimamente a suspensión dalgúns militantes e dirixentes do Partido, entre eles dous deputados, todos considerados da ala esquerda do P.S. Parece así dibuxarse, a medio ou a longo prazo, un esquema preconizado por algúns meios políticos nacionais e estranxeiros (ligados naturalmente ás esferas imperialistas): a escisión do Partido Socialista, coa exclusión dos seus dirixentes máis identificados coas bases obreiras do Partido, viabilizando así a aproximación e posíbel alianza co Partido Popular Democrático, agora chamado Partido Social-Demócrata. Esta solución, que poría en causa tanto as conquistas da revolución coma a propia Democracia, presentaríase, de acordo co interés dos grandes monopolios internacionais, coma a única solución viábel e correcta, en orde á construción dunha democracia a camiño do socialismo, que sería a unidade da esquerda.

Estes esquemas, con todo, dependen polo menos en parte do resultado das eleccións prós gobernos autónomos locais feitas o pasado 12 de decembro. Ademais do Partido Socialista, do P.P.D., do C.D.S., concurren o F.E.P.U. (Frente Eleitoral do Povo Unido) do que forma parte o P.C.P. e outros partidos da esquerda, amáis de personalidades independentes, e algúns pequenos agrupamentos esquerdistas, moí divididos na práctica.

Repetiremos, pra rematar: a clarificación do proceso político portugués non pode deixar de pasar polo encontro das forzas que efectivamente defenden a Revolución, a Democracia, a Liberdade e o Socialismo.



LOPEZ SUEVOS, MICRO NA MAN  
En Catalunya tamén está Galicia

## Catalunya

# A terceira semá AN-PGALEGA

Na Semá participaron os conferenciantes Ramón López Suevos, Luis Diéguez, Bautista Alvarez e Elvira Souto, falando da autodeterminación, a cultura, o panorama político e os sindicatos, respectivamente. Ademais celebróuse a «II Mostra de Artesanía Popular Galega», con cerámica de Buño, Niñodagua e Mondoñedo, actuando finalmente os cantantes Jei Noguero, Miguel Enrique e Emilio Cao.

### OS OBXETIVOS

«Quixemos tender unha ponte entre Galicia e Catalunya pra que se conoza a nosa realidade de hoxe», dixeron a TEIMA portavoces do Departamento organizador. «Cando se puxo en funcionamento a Semá —engadiron— pensóuse tamén en dar un complemento axeitado a outros actos galegos unilaterais celebrados en diversas institucións (Ateneo, Universidade Autónoma) e máis ó Centro Gallego de Barcelona, de labor nefasto e folklórico, encamiñado ó conformismo e á alienación dos emigrantes, e ó único servizo da promoción persoal dos membros da súa directiva».

Se ben de entrada pensábase contratar algunha sala importante pra celebración da Semá, ó final a falla de cartos e máila lentitude imposta prós permisos polo control administrativo establecido a raíz do referéndum, según dixeron os organizadores, obrigaron á utilización dun pequeno local da Asociación de Amigos das Nacións Unidas, na rúa de Fontanella e o salón de actos da Escola de Inxenieros prós espectáculos.

### POUCA XENTE, BOAS INTENCIONS

A hora de valora-la importancia desta Semá, se relacionámo-lo número meio de asistentes (uns douscentos por sesión) co de galegos barceloneses (máis de 100.000) hai que concluir que o resultado é mínimo. Aínda que hai que

considera-las limitacións de medios do Departamento e máila carencia de actos deste tipo orientados ós galegos de aquí, o cal lle devolve todo o valor posible.

E, dende logo, este pode se-lo punto de arranque pra convocatorias máis importantes se contabilizámo-la ilusión e máilo empe.o postos polos organizadores, deseosos de facilitar ós desvencellados inmigrantes galegos a recuperación dunha visión da realidade galega.

Segundo nos informaron no Departamento, son por agora cincuenta os socios, dos que asisten con regularidade ás sesións dos venres, uns 25. «Deles, afirmaron, sóio hai tres que son estudantes; os demais viven das súas mans». E precisamente pensando nos traballadores decidiron celebrar neste mesmo mes de Decembro, unha mesa redonda, na que os representantes das centrais sindicais que actúan en Catalunya (UGT, USO, CC.OO. e CNT) farán unha análise a partir dos seus plantexamentos encol da emigración.

Outra característica básica a considerar no intre de xuzga-la Semá está no feito de que tódolos seus participantes —coa excepción mínima dalgún cantante— fixeron as súas esposicións dentro dos plantexamentos da Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG). Non se trataba dunha plataforma pluralista galega, senón dun enfoque nacionalista, de acordo coa ortodoxia da devandita Asamblea.

### AS CONFERENCIAS

Ramón López Suevos falou de «o dereito dos pobos á autodeterminación». Despóis de traza-las características que definen o asoballamento colonial de Galicia, fundamentóu o rechazo dunha alternativa burguesa e máila evolución do Estatuto do 36, pra concluír decindo que a liña estratéxica pasa pola consolidación dun frente anti-imperialista nacional-popular, pola

Cunha significativa maleta de emigrante por emblema e o desexo de espallar cun enfoque nacionalista a problemática de Galicia entre os galegos inmigrantes de Barcelona e máis entre os cataláns, o Departamento de Cultura Galega da Asociación de Amigos das Nacións Unidas da cidade condal, celebróu a «Terceira Semá Galega».

CONSTANTINO CABANAS fai un resume das diferentes actividades levadas a cabo.

autoorganización da clase obreira e das clases populares galegas. «A soberanía política, dixo, non é rematar cunha discriminación de Galicia porque sendo nación non nos daban a posibilidade de gobernarnos, senón que é fundamentalmente necesaria pra reconstruí-lo noso país; e pra elo necesitamos órganos soberanos con moitas competencias, que non poden estar controlados pola burguesía».

O escritor Lois Diéguez falou da cultura. Tratóu de «achegar ó panorama cultural galego a práctica política que dende hai anos se vendendo dentro dunhas coordenadas propiamente galegas no noso país», cunha esposición sinxela do que representa a nosa cultura popular,

tanto pra liberación do home galego coma pró futuro do país. «Se o home hase liberar, dixo, ha de ser nas facetas culturais, políticas e socioeconómicas; este é o fin no que os galegos estamos hoxe empeñados». O obreiro Bautista Alvarez falou sobor do «panorama político galego». Referíuse ó nacionalismo e ó españolismo, decindo que o primeiro quere a descolonización como premissa básica da liberación e o españolismo admite como paso inmediato a democracia burguesa, que non elimina o colonialismo.

Definiu á UPG (Unión do Pobo Galego) como unha organización marxista-leninista e rematóu sinalando a necesidade de defender Galicia dende bases proletarias internacionalistas.

Por último, Elvira Souto, membro do SOG (Sindicato Obreiro Galego) abordóu o tema do sindicalismo e as aportacións das últimas loitas obreiras galegas.

### TRES CANTANTES E UN VENTRILOCUO

A sorpresa esitosa da Semá estivo protagonizada polo ilusionista e ventrílocuo lugués, Antón López Ribas, que demostróu unha gran pericia nas artes con contido nacionalista. A concurrencia aplaudíu os seus supostos diálogos co boneco Facundo.

A «III Semá Galega» rematóu cun recital de tres cantantes galegos residentes en Barcelona: Jei Noguero, Miguel Enríquez e Emilio Cao. Miro Casabella, que era o anunciado no programa, non poido vir ó final por motivos personais.

## Hugh Thomas «Ollo coas nacionalidades»

Dentro da campaña de recuperación e coñecimento do pasado, trágico e non tan superado como ás veces puidera parecer, o historiador norteamericano Hugh Thomas andívo semás atrás por Madrid pra presentar o seu libro «LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA». Thomas contestóu a moitas preguntas e fixo non poucas declaracións ós medios informativos. Declaracións mirando pra diante, pró futuro, fundamentalmente.

Un dos homes de TEIMA en Madrid, SALVADOR LOPEZ TORRE, recolléu con especial interés dúas referidas ó futuro do Estado español.

Dixo Hugh Thomas: «Si España consigue chegar á democracia —é decir, salvar o paso da ditadura á democracia— teño que decir que sería o primeiro caso coñecido no mundo. Polo menos por mín, coma historiador».

O outro tema anotado foi o das nacionalidades, ou millor o das nacións. Thomas entende que «este punto non debe ser pasado por alto por parte do Goberno. Debe terse en conta que no mundo europeo occidental agora mesmo os países que afrontaron este problema son os que tamén encaran o futuro con máis posibilidades. Están máis fortes. Caso da Confederación Helvética e da República Federal Alemana. Polo contrario, países que descuidaron o problema das nacionalidades, caso de Francia, por exemplo, teñen neste intre problemas moi fortes».

Punto final. Palabra de historiador.

Tres anos despóis do golpe militar que levóu á primeira maxistratura de Chile ó xeneral Augusto Pinochet, o país atravesou unha crítica situación económica de consecuencias difíceis de prever. X. PALMEIRO recolléu algúns datos, primeiras impresións case, no curso dun rápido viaxe á capital chilena. Este é o informe.

## Represión e fame

# Chile, tres anos despóis do golpe

«Cando Chile era arrastrado ó caos e á guerra civil por se resistir a aceptar mansamente o predominio comunista, as Forzas Armadas da República emprenderon a acción que constitúe a viraxe máis significativa da nosa historia neste século. Todo indicaba que o comunismo iba introducirse en Chile silenciando a door de vítima e presentándose como un experimento plausíbel dentro da comunidade internacional. Os soldados chilenos frustraron tais expectativas. Chile evitou ser unha Angola e trata de impedir regresións políticas susceptíbeis de arrastralo novamente ós perigos pasados». O diario «El Mercurio» editorializaba así tres anos e unha semá despóis do golpe do 11 de setembro de 1973, que supuxo a morte do Presidente Salvador Allende e moitos outros chilenos e a prisión e a tortura de moitos outros. Ese día empezaba prá alongada república suxetada polos Andes e o Pacífico unha nova, calificada repetidamente como tráxica, etapa.

### NON HOUBO APLAUSOS

O pasado 19 de setembro, domingo, a mañá amancéu gris e fría

en Santiago. Había máis carabineiros que nun día normal polas rúas, algunhas co tráfico cortado. Empezábase así, cedo, a abri-lo camiño á comitiva oficial encabezada por Pinochet que debía presidir-la gran parada militar conmemorativa do 166 cabodano da independencia nacional. Santiago, tres millóns de habitantes, sobor dun total nacional de nove, non era unha festa. Recordo que me chamóu particularmente a atención o feito de que a xente de a pé deixara ós invitados da tribuna de honor o traballo de aplaudir. Daba a impresión de que os chilenos andaban noutra cousa. Non se aplaudía e falábase pouco. Mídense as palabras en Chile polo que poida pasar e déixanse de lado espresamente os asuntos relacionados coa vida política. Esfuerzo xigantesco pró país que ningún iberoamericano dudó nunca en calificar como o de maior conciencia política do cono sur.

### HAI POUCO QUE COMER

O marxe da ausencia de aplausos, ós soldados e ó presidente, a primeira impresión pra quen pon os pes no país é a enorme preocupa-

ción dos máis pola situación económica, a inflación, a falta de algúns produtos básicos. Das dificultades económicas fala claramente a indumentaria, a mendicidade, o alto número de parados.

«Os nenos, declarou a TEIMA unha señora dunha clase media desmoronada en pouco tempo, sofren dun xeito especial esta situación. Hai moitas casas onde os nenos fan unha sóia comida ó día a base de té e algunhas pastas. «El Mercurio» ten denunciado algúns casos de desnutrición descubertos en varias escolas». A cousa ven de máis atrás, por suposto, pro tamén é certo que se intensificóu especialmente nos últimos tres anos. «A cesantía crecente —escribía a eclesiástica e case clandestina revista «Mensaje»— provocóu situacións urxentes que deben ser atendidas. E a máis inmediata é a necesidade de comer, de alimentarse. A fame veuse instalar nas poboacións modestas. E móstrase visíbelmente nos nenos que viven nelas». A igrexa católica mantén centos de comedores en todo o país, abertos poucos meses despóis do golpe. Pro a demanda e cada vez maior e o problema reside en que os recursos, como dixo un cura, non chegan a nada. «Non solucionamos nada, engadú. Somentes estamos a entregar un paliativo fronte á fame. Impedímo-la desnutrición, pro realmente non alimentamos ós nenos». Os alimentos consumidos nestes comedores son aportados nun 60 por cento pola igrexa, mentras que o 40 por cento restante procede de donacións e algunhas compras. Con todo estase lonxe de chegar a cubri-la metade das necesarias calorías e proteínas recomendadas pola O.M.S. De maneira que seguindo os cálculos dos equipos médicos da igrexa, a desnutrición chega á xa ó 60 por cento dos nenos.

# RESTO DO MUNDO

### OS QUE PODEN, DESPILFARRAN

Mentras tanto, siguen a tomarse medidas económicas que aseguran un despilfarro de dólares e divisas. Impórtanse por exemplo, grandes cantidades de güiski e cigarros, artigos non precisamente destinados á maioría da poboación. Polo de máis, o manexo de dólares e divisas está xa na man dos particulares, de maneira que o Banco Central sóo concede coutas ós viaxeiros e ós turistas. E as coutas mínimas son mil dólares pra viaxar ós países limítrofes e tres mil dólares pra poder saír ó resto do mundo.

Outra cousa son os desplazamentos diarios, ida e volta, á cidade argentina de Mendoza, de xentes dispostas a mercar de todo, porque todo é moito máis barato na Arxentina. Nace así un pequeno, polo de agora mercado negro, en tanto que os restaurantes mendocinos anuncian pratos ó gusto chileno. O diñeiro impúxose na carta.

### TOQUE DE QUEDA

Todo esto ocorre mentres prosigue o toque de queda. Dende as 11 da noite hastra ás 6 da madrugada as rúas quedan libres prá patrullas militares. Calquera cousa pode pasar sin que ninguén se acorde da xusticia. Non en van poido falar o cardenal Raúl Silva Enríquez de «a nosa xusticia violada» e da necesidade de garantiza-los dereitos humanos.

A xunta militar está aínda forte, controla e domina o país. Non é fácil calcula-lo tempo que pode durar-la situación. Agora ben, o deterioro da economía ten un límite e por ahí pode vir algún sinal. algunha diverxencia pró fascismo andino. As detencións siguen e o Palacio da Moneda presenta aínda as marcas dos impactos do 11 de Setembro do 1973. Un rótulo na fachada indica que se trata dun edificio en restauración.



PINOCHET LEVANTA A MAN  
Polo de agora, ordena e manda

en Galicia...



RADIO POPULAR

VIGO, OURENSE, FERROL, LUGO

por unha radio cada día **máis nosa**



**O Carballiño, un  
New York de papel...**

## Unha vila que podería ser un paradiso, estáse convertindo nun inferno

BENXAMIN VAZQUEZ

*Na montaña e no Ribeiro  
o Carballiño foi nado  
paradiso feiticeiro...*

Estes eran os primeiros versos dun himno ó Carballiño, cos rapaces cantabamos no Grupo Escolar da vila, nun tempo (dacabalo entre os anos 40 e 50), cheo de cántigas victoriosas e «pasodobles marciais». Aquela era unha peza, da letra non me lembro esactamente, que se empregaba pra canta-las escelencias dunha vila con boas augas, bo viño, bo pan, etc., etc... Como se pode supoñer, ó «letrista» esquen-célulle adicar siquera unha liña a fame que se pasaba entón, ás condicións de vida e de vivenda no barrio de As Froles, á pobreza das terras do Iríxo (na montaña, a máis de 9 km. da vila) ou da bisbarra do Ribeiro, onde se daban sóio uns cantos moios de viño pra vivir todo un ano... E é que himno sempre é ledo e glorioso, pra ergue-lo espírito das xentes... Bo era (se sirve neste intre como consolo) que a peza fora escrita en galego, nun tempo no que se impuñía a lingua do imperio.

De tódolos xeitos e himno do Carballiño podería ter moito de verdade, se non fose polos intereses da cacicada nunha arrepiente especulación do chan, amáis doutras argalladas feitas sempre coa licencia (espresa ou caladiña) da autoridade designada pra rexe-lo destino do pobo. De certo, a vila fa camiño de ser un paradiso, pra saúde e acougo de moitos, sin deixar por esto de ter o seu crecemento demográfico e económico. Neste senso, hai que suliñar que o Carballiño é, cicáis, a vila máis nova de Galicia e a da meirande prosperidade da provincia de Ourense.

Nacéu o Carballiño hai pouco máis de cen anos, xunto a un pequeno carballo ó pé do cal os frades de Oseira fundaron unha feira. Pro a historia, neste caso, pouco importa... A parroquia do Carballiño (hoxe, con máis de quince mil ho-


mes) é tan nova que a primeira criatura que recibíu as augas bautismáis na «igreja vella» de San Cibrao foi a neníña Emilia Cibeira, quen se vivira agora tería menos de oitenta anos...

Nembargantes a vila medróu, hastra o punto que doña Emilia Pardo Bazán —que lle chamóu «Vilamorta»— quedaría alporizada, se hoxe erguese os seus abondosos peitos, ó ver como aquel cativo pobo de «veraneantes ilustrados» que ían aló pra toma-las augas e xogalo «tresillo» convertiuse (case da noite a mañá) nun inaxeitado e arrepiente New York de papel, cheo de casas altísimas ou «raña ceos», que arrincan a luz e o sol das rúas, e afogan a calquera home que queira buscar aquel aire san, aqueles xantares, aquel recollemento acougado, que somentes se poderían disfrutar no Carballiño hai uns dez anos.

### A IGREXA NOVA

Case todo foi malamente traspo-leirado na vila máis nova do país... Dende o seu nome auténtico (nos niveis oficiáis chamalle «Carballiño»), hastra a súa estrutura urbana, con casas feitas sempre por canteiros e que agora se convertiron en caixóns de cemento... Un cambio que o pobo sufríu a pasos vertixinosos, desacougados...

O mesmo pasóu coa igrexa nova, proxectada profeticamente polo arquitecto Antonio Palacios, cunha torre de cincuenta e seis metros de altura, diante da cal faríase unha gran praza, cunha vía sagra, todo moi ben pensado cara artellamente dun conxunto urganístico do que o meio ou corazón atoparíase na igrexa... Pro os soños de Palacios endexamáis chegaron a fecerse realidade. Hoxe, a igrexa nova da Vera Cruz do Carballiño é un edificio máis; a súa torre (erguida pra



Templo de la Vera-Cruz (estado actual).

*A IGREXA NOVA DO CARBALLIÑO E UN SIMBOLO  
DO QUE NUNCA SE TIÑA QUE FACER*

que fose a mais alta da vila) queda afogada entre moitas ducias de «raña ceos».

A igrexa da Vera Cruz, feita por encargo de don Evaristo L. Baamonde, un cura boísimo (que finou probe, sin unha cadela pra facerlle o enterro) non é agora máis cá sombra do que tiña que ser. O arquitecto Palacios quería poñerlle o altar no meio (pra que as xentes arrodeasen o crego que dixera a misa) adiantándose así á liturxia do Concilio Vaticano II, pro todo foi cambiado polos «carcas»... Logo tamén chegou o bispo, que aínda agora rexe a diócesis ourensá, e impuxo o enterramento das esca-leiras que xa se fixeran dentro do edificio, pra rubir hastra o corpo central do presbiterio...

Sin dúbida a igrexa nova do Carballiño é hoxe o símbolo máis nídido do que nunca se tiña que facer... A vila podería ser axiña un paradiso, pro —mercede á especulación e á falla de un ordeamento axeitado—

estáse convertindo nun inferno... ¿Por qué?

Hai xa moitos anos chegou ó Carballiño (alá polos tempos nos que a Pardo Bazán xogaba ó «tresillo» na casa do Quirogas) un «indiano» chamado don Perfectino Viéitez, quen —como novo rico— impuxo o gusto das alturas, construíndo unha casa de sete pisos por detrás da de Quiroga, pra competir con esta... E parece como se este feito illado trouxese agora consigo o veneno máis activo pra destrución dun pobo: Moito tempo despois (cando chegan os emigrantes que se foran pra Venezuela alá polos anos corenta) vóltanse a erguelos «raña-ceos», cunha febre de tolos, sin remedio...

Hoxe o Carballiño é un New York de papel porque na vila ourensá os «raña-ceos» xurden «sin ton nin son», onde a ninguén se lle ocurriu proxectar unha «Quinta Avenida», ou algunha estrada coa suficiente amplitude como pra non afo-garse entre cemento...

viéiros

Somos conscientes, os carlistas galegos, do noso asentamento nun lugar territorial determinado. Mirámo-lo noso pulo dende unha perspectiva que nos é propia, e condicionada polo marco histórico e político galego, e pola situación política, económica e social de Galicia. Esta perspectiva poderá ter máis ou menos largeza cá das outras nacionalidades, evolucionada e orixinal. Mais é a nosa propia, que foi integrada, arraigada e afirmada sobor desta base territorial histórica.

As nosas reivindicacións, son populares, foráís, sociáis e espirituáis, mantidas por todo un pobo, contra un sistema establecido, o liberalismo económico e político, pai das oligarquías económicas que hoxe seguimos padecendo.

A nosa alternativa o socialismo de autoxestión, establece a estratexia da construción do socialismo a partir da crítica ó sistema capitalista, á socialdemocracia e ás novas formas de opresión derivadas do socialismo de Estado.

Coherentes coa nosa ideoloxía, propoñémonos construír unha sociedade con unha soa clase: a do traballo, na que desapareza toda forma de opresión e de explotación. A dun socialismo que nos leve cara unha democracia económica, onde o poder e a propiedade dos medios de produción, estean en mans da sociedade, pra que a planificación económica desta, sexa imperativa dende a propia sociedade, ó través do proceso de autoxestión.

#### **AUTOXESTION, O VIEIRO**

Se o socialismo noso baséase na liberdade, este socialismo deberá ser plural. Se o socialismo está composto por homes e comunidades ceibes, o socialismo deberá ser democrático. Se o socialismo leva ó pobo á reapropiación dos mecanismos económicos e políticos, o socialismo deberá ser autoxestionario.

E o socialismo de autoxestión global, tense de desenvolver por tres vieiros de participación. Se o presuposto básico é a autoxestión, entendida esta coma remodelación da estrutura mesma do poder. Como a democracia activa e responsable en contraposta coa clásica democracia de delegación. Os vieiros da participación, fan ó conxunto da sociedade participe e responsable directo da xestión política da sociedade. Estes vieiros de participación, correspóndenlles ós mecanismos cos que o individuo se relaciona e son os seguintes:

**Rachando cunha historia, moitas veces vella e triste, o carlismo tenta hoxe de dar unha alternativa válida pra construír unha sociedade na que desapareza toda forma de opresión e de explotación.**

**Manuel Rego Nieto, secretario xeral do Partido Carlista de Galicia, contestando a un prego de TEIMA, presenta dende estas páxinas a postura socialista e autoxestionaria do P. Ca. G.**

## **O carlismo polo socialismo e autoxestión**

**Autoxestión económica, ó través da democracia interna das empresas exercendo o control e a xestión das mesmas, e por medio do sindicato na planificación global da economía, orientando o desenvolvemento a enche-las necesidades do conxunto, en vez de unha política de desenvolvemento polo desenvolvemento.**

**Autoxestión territorial, a través do autogoberno de tódalas comunidades a tódolos niveis, coa dinámica de crear unha federación ceibemente axustada entre tódolos pobos do Estado Español, feudo como bases a solidariedade e a poxección universalista.**

**Autoxestión política, a través**


**dos partidos de masas, superando a concepción electoralista, convertíndose en partidos onde o pobo se vexa comprometido na loita e fágase responsable de xestión política.**

#### **ALTERNATIVA FEDERAL**

Esta dinámica de autoxestión e de socialismo democrático, lévanos ó recoñecemento do dereito de todo pobo a ser responsable do seu futuro. Isto é o dereito á autodeterminación, que é un principio de soberanía popular, mediante o cal, todo pobo pode decidir sobor do seu destino.



MANUEL REGO NIETO



Entre as solucións posibles: integración, separación e federación, os carlistas presentámo-la nosa alternativa federal; alternativa que sempre mantivemos ó longo da historia, porque consideramos que os pobos, o mesmo que os individuos, non poden vivir illados e débense asociar conservando o seu acervo cultural, a súa personalidade e o seu autogoberno de tódolos asuntos que lles son propios, indo á procura dunha colaboración nun clima de solidariedade mutua.

Mais o federalismo non pode ser burgués, nin protexe-los intereses económicos da oligarquía. É a nosa definición do Estado como Socialista e Federal, xa que o socialismo é condición de liberdade dos homes e dos pobos.

Galicia, hoxe, encóntrase oprimida e explotada pola acción dun estado centralista e capitalista. Os carlistas galegos, loitan polo recoñecemento da personalidade de Galicia, como pobo con plena soberanía sobor dos seus intereses e destino, o rexurdir da súa cultura, o despertar da súa personalidade, o desenvolvemento da súa economía, non como fonte de explotación, senón como medio pra satisfacer as necesidades do seu pobo, que permita o regreso á nosa patria de todos aqueles que están lonxe dela, por non ter eiqú unhas condicións de vida e traballo dignas.



**P. Ca. G.**

**Autor dun fundamental libro encol do tema - «La Iglesia bajo el franquismo», Xosé Chao Rego —crego— ten unha recoñecida autoridade en asuntos eclesiásticos. No traballo que sigue, ocúpase da Igrexa do noso país.**

## A Igrexa galega na encrucillada

XOSE CHAO REGO

Adoita referirse o escritor Francisco Umbral, co seu característico estilo, a que a guerra civil española foi gañada polos cregos contra os mestres. Atopámonos, é claro, diante dun xénero literario umbralesco. Pro quizaves sexa oportuno lembrar a eses dous milleiros de mestres que tiveron que escolle-lo esillo aínda sin conta-los moitos que foron sancionados e impedidos, temporal ou eternamente, de por escola. Xunto con 200 profesores do Ensino Medio e 118 da Universidade, fan ese noventa por cento da «intelligentsia» española esiliada da que fala Torrente Ballester.

O que sí resulta moi certo é o dato de que durante esta longa tempada os mestres españois pasaron tanta fame, senón máis, ca un mestre de escola. Emporeso, axuntando outras razóns, un mestre do Feal (Ferrol), Dositeo Rodríguez Gómez deulle as gracias ó coengo Manuel Espiña que dende a súa sección «Outeiro de San Xusto» no xornal «La Voz de Galicia» amosóuse solidario coa folga que fixeron os ensinantes de E.X.B. no mes de Novembro. A columna que mantén Espiña aberta a diversos colaboradores ben sendo un exemplo do espírito de liberdade.

E se temos que facer referencia a outro acontecemento que nos recorde o que supuxo a guerra, podemos acudir á homilía que o párroco de Corcubión, Luís Cardeso Liñares, botou co gallo do cabodano de once persoas que foron fusiladas en Decembro do 1936. O acto de Corcubión é emocionante aínda que non fora vivído. Somentes con ler na prensa a esquela dos mortos (entre eles unha mestra nacional que ratifica o que enriba dixemos) estremécese ún de pensar que «ó cumprirse o corenta cabodano do seu fusilamento, como mártires dos seus ideáis» teñen aínda agora o seu primeiro funeral, namentres que as portas dos nosos templos sostiveron unha lápida cos nomes dunha soia parte dos españois. E como di o título da esquela, «Eles amaban ó pobo», o que non impe-

díu que oficialmente foran «esquecidos nestes corenta anos».

Precisamente de Vigo chéganos as novas de que os cregos historiadores Alfonso Magariños e Francisco Carballo pronunciaron unha conferencia no Círculo Ourenseño sobor do tema «Ideoloxía e historia» da Igrexa en Galicia. Eles preparan un libro encol da Igrexa do franquismo na nosa terra e ha ser moi interesante a xulgar polo que xa teñen escrito «Igrexa en Galicia na Segunda República», do que tiñen a oportunidade de coñece-lo manuscrito. Parece que a fundación March que patrocinou o traballo ha publicar somentes un resumo. Sería mágoa que non o tiveramos enteiro.

Este dúo dinámico que é Carballo - Magariños afirman que a Igrexa galega foi opresora e liberadora, segundo os tempos. ¿E agora?

★ ★ ★

Celebróuse en Compostela o día 6 de Decembro o quinto cabodano da morte do Cardeal Quiroga Palacios. Curiosa figura a de don Fernando que, como os edificios nobres, gaña co tempo. Outra pluma distinta á miña, sin tantos sambenitos enriba, podería adicarse á análise da literatura funeraria encol de don Fernando, que aínda vindo de diversos autores, non disimula endexamáis a súa referencia nostálgica. Emporeso, namentres que a outros mortos cómprelle-lo esquecemento, a imaxe do Cardeal Quiroga ten toda a forza dun laio polo paraíso perdido, quizaves un pouco enfatizado. Por certo que don Fernando finou cáseque ó remate dun Ano Santo que algúns inxenuos auspiciaron como o derradeiro.

Pechaba entón as portas santas o bispo auxiliar don Xosé Cerviño. Cómprenos agora a tarefa de da-la boa nova de que don Xosé ven de ser nomeado definitivamente bispo de Tui-Vigo. ¿Cómo esquencer que estamos diante dun home bo do que a honestidade vai quizaves máis aló do que as súas posibilidades «fácticas», tendo en conta os elementos «correctores» que na-

quela rexión pastoral entorpecen o camiño diocesán pola obediencia debida a outros camiños? Non é ningunha novidade que a organización Opus Dei conta con bo feudo en Vigo e a súa bisbarra. Monseñor Cerviño merecía millor sorte e merecerá maior apoio. Como no caso do Cardeal, hai homes a quen as circunstancias os fan medrar diante da opinión pública.

Porque non deixa de ser significativo o que Carballo e Magariños afirman: «A Igrexa galega hoxe tamén ten dentro a cruz da súa incapacidade de optar na totalidade pola liberación. E unha tarefa que incumbe a tódolos cristianos e o conseguilo pra eles e prá colectividade eclesial».

Ninguén pode ser tan optimista que non se decate de que os esforzos máis oficiáis por acadar un rexurdír da Igrexa en Galicia, permanecen na máis sospeitosa ambigüidade. Refírome agora ó Concilio Pastoral que, nembargantes, ben sendo empuxado por algúns homes de boa vontade e no que participa non pouca xente inqueda. Pro o feito de que non chegara a interesar ó pobo en xeral e nin siquiera a moitos daqueles crentes que están nunha liña de maior achegamento ás cuestións actuáis, é unha sospeita sobor da súa validez que non se pode afogar con laios e inculpacións, como adoita facerse sintomáticamente.

A crise non é de superficie, senón de fondo e aínda máis de altura. En xeral, existe un problema de credibilidade encol dos principais rectores da nosa Igrexa e semella que non se vexa solución a pouca distancia. Namentres, moitos crentes van perdendo os folgos pra loitar neste eido e máis dun crego, non certamente dos peores, camiñou cara novos rumbos persoais mais acolledores.

★ ★ ★

¿Qué facer nesta circunstancia crucial? Unha nova «revista galega de pensamento cristiano» vai saír á rúa a remates de xaneiro cunha frecuencia bimestral: cinco números ó ano en total. A dirección de Andrés Torres Queiruga e a Mesa de Redacción formada por Engracia Vidal Estévez, Segundo Pérez e Xosé-Martiño Montero Santalla é unha garantía que nos leva a abri-lle o noso creto a «Encrucillada», que así se vai chamar a nova criatura.

Unha revista poderá impulsar e ilustrar, dando azos prá militancia cristiana e proporcionando material de reflexión. Pro a vida está na base do pobo. Dende ahí haberá que artella-lo que xa hai de vida pra que apareza na nosa Galicia a estructu-

ra visíbel dunha Igrexa anovada. Seica na cidade do Ferrol varios grupos escomenzaron a axuntarse pra estudar unha máis ampla coordinación. Coido que esto é urxente. Foi o que no seu día fixeron os Coloquios rexionáis a outro nivel, e hano seguir a facer se o tempo o permite e a autoridade non o impide, que non sería a primeira vez.

E xa que estamos a falar da diocese de Mondoñedo-Ferrol, eu pergúntome se é por mera casualidade que aló se atope o equipo redactor de Encrucillada, ou será «tamén» polo feito de que o bispo daquela xurisdicción eclesiástica ten a meirande capacidade de comprende-lo feito galego, como nolo amosóu na súa Carta Pastoral «A fe cristiá ante a custión da lingua galega» e outras reivindicacións semellantes. Por certo que algúns dos seus cregos andan a facer un libríño de comentario sobor da devandita carta pastoral. ¿Cando poderemos lelo? Cónstanos que a editorial Sept está á espera dos orixinais.

Non é estraño, pois, que naquela diocese se estea elaborando dende este ano a primeira catequese e homilética enteiramente na nosa lingua (anos anteriores era bilingüe), contidas na carpeta «Boa Nova», da que o Secretariado de Catequese baixo a férula de Manuel Cillero Hermida tira máis dun milleiro de exemplares.

Sospeitando que os cristianos e cregos da referida diocese non sexan nados do peito do deus Brahma, tamén é de supor que a escasa conflictividade dos mindonienses-ferroláns e o non pouco froito e aínda prestixio popular da súa pastoral e da Igrexa aló se deba, en non pequena parte, ó talante non inquisidor e dabondo tolerante dos seus últimos bispos, entre os cais quereamos facer lembranza de Don Xacinto Argaya, hoxe en San Sebastián, e ó que quero tributar cordial homenaxe dende estas páxinas que se están reducindo á nosa Igrexa en Galicia.

¿Non é este o senso que ha ter unha crónica feita pra unha revista galega? Coido que temos que su-liñar todo aquilo que pague a pena da nosa vida, aínda que pareza pequeno, pra face-la crónica do pobo. Emporeso remato o meu discurso facendo alusión, aínda co risco de resultar clerical, ó libríño que ven de face-lo coadxutor da vila de As Pontes de García Rodríguez sobor da súa historia. Un gran servicio á historia do noso gran Pobo é facer a pequena historia dos nosos pobos. Loubanza, pois, ó autor, a Enrique Rivera Rouco, un home humilde se os hai.

## As urnas iluminadas



Semellóu, o día quince, coma se caíra un meigallo xigante. Homes e mulleres centenarios víronse, de súpeto, con forzas pro votar coma de quince. Mesmo as almas mortas, coma quen d'í, foron chamadas ás urnas ou pra dirixir mesas electoráis. ¡Quén o dixera!

O certo é, vaia, que máis dunha señora estivo a piques de exercer dous dereitos ó mesmo tempo: o de votar e máis dar a luz. Coma se sabe, neste país, aínda non queda fóra da lei o dereito de parir cándo, dóndo e cómo se queira por parte da interesada.

O certo é que, namentres agardaba na cola en Linares Rivas —rúa coruñesa—, sentíuse indis-

posta unha dona. Foi coma un lóstrego e fallóu tempo pra que a iluminada señora fora levada a un sanatorio onde, sin máis problemas, fixo o que tiña que facer. A luz foi feita.

Seica foi neno. De tódolos xeitos é igual. Neno ou nena, as cousas como están, parece lóxico pensar que ó recén nado non lle permitiron, finalmente, votar xunto coa nai. Tampouco era cousa de telo aí, diante das urnas, chorando coma se ún se vira, realmente, na obriga de votar a contra gusto.

E o que diferencia ás dúas edades: os rapaces choran namentras os vellos sorríen.

# fiadeiro

## Os detectives do pan

Cando os homes de TEIMA chegaron a Carnota atopáronse cunha desconfianza xeral hacia todo o que fora xornalistas. Os de TEIMA fomos á procura de información sobor do caso do panadeiro que non pode seguir vendendo pan polo pecado de cobrar menos. Axiña soubémo-lo motivo da desconfianza dos veciños: dous detectives, que ó parecer foran mandados polos caciques do pan —que tamén os hai— fixéranse pasar por periodistas pra recoller información. Os de TEIMA recomendamos a estes señores que, prá próxima vez, se fagan pasar por indios. Cada un ten que vivir do seu.

# Un histórico da gramática

Un día, vai, e a Adolfo Merelles aluméalle a fronte. Tempo despóis, sen agardalo, ás nosas mans chega un libriño agachado, cativo, coma se fora por debaixo da porta. O firmante, claro, don Adolfo: ¡tamén é coincidencia no nome!

«El uso del gallego empequeñece», era o título. Con él, a minuta. Despóis de dar nota da súa procura académica, desafiando ó mesmo Don Suero de Quiñones, Merelles estaba disposto: «La propaganda del uso del gallego —viña a deci-lo inquisidor, era o principio— o del vasco en la enseñanza no puede efectuarse si no es en virtud de una ignorancia vergonzosa, una corrupción más vergonzosa o de las dos cosas revueltas». As razóns, logo:

«No hay un gallego en toda Galicia, sino distinto vocabulario —teimaba o presbítero—, distinta morfología y sintaxis, repartido con particularidades que hacen indescifrable el habla de Noya en Verín» (...) «El gallego no tiene solera científica que le acredite. Sus defensores en general son políticos, pero de gallego entienden poco. Predomina entre ellos un gallego inventado en un laboratorio de curanderos, sin solvencia científica.» (...) «Las gramáticas en uso son defectuosas y efecto de un conocimiento adquirido al margen del uso popular y de la gramática histórica».

Don Adolfo, sin pelos na lingua: «Ni los autores de las gramáticas no los defensores del uso del gallego conocen con exactitud la morfo-

logía del gallego.» (...) «El gallego que usan sus propagandistas es una amalgama de un fondo incoherente gallego, muchas palabras portuguesas y otras inventadas caprichosamente.»

Etcétera, as contas seguían pra que Merelles rematara: «Brindo con este ejemplo: he salvado del naufragio académico a varios alumnos aislándolos del medio de habla gallega. Tengo su lista, la de los compañeros de enseñanza que colaboraron conmigo.» (...) «El uso del gallego es una tara, un obstáculo invencible para el estudiante, causa de impresión e incorrección en su expresión oral y escrita. Y esto hasta el extremo que, por el bilingüismo habitual, se malogran inteligencias preclaras.»

Mesías espontáneo, o atormentado Merelles identificábase: «Presbítero licenciado en Filosofía y Letras, profesor de Lenguas, abogado en ejercicio y revalidado en Buenos Aires, procurador de la Jurisdicción Federal Argentina.» Dirixíaxe, logo, a tódolos doctores e licenciados galegos.

Na Redacción de TEIMA, pouco menos, a punto estivo de racha-la fiestra: a gargallada foi conxunta, longa, coma se as paredes mesmas tiveran cóxegas. Logo, tranquilamente, traballo adabondo adiante, o mundo continuaba.

A máis de un, dende logo, déronlle os títulos na tómbola. Que tamén hai tómbolas na Academia.



CASTELAN NAS ESCOLAS

# Vai de dereitas



## O hara-kiri do búnker


Namentres na mensaxe do arcediano granadino recomendábase o NON ó referéndum, naqueles días televisivos de hai dúas semás, a mesma Guardia de Franco coruñesa chegaba ó non vai máis polo salvamento honorífico da súa existencia. Era o hara-kiri —suicidio xaponés pra máis honra— con dolor no corazón.

13 do Nadal, na Coruña. Nos locais da devandita organización, rúa Real, a eso das primeiras horas do serán podíase escoitar: «Con dolor no corazón —traducimos nós do castelán— teño que decirvos, nesta hora histórica e de enorme trascendencia pra España, que os homes da Guardia de Franco teremos que votar SI no referéndum do día 15».

Deste xeito falaba, bágoas a centos nos ollos pro impasíbel o ademán, Xosé Peña Bermúdez, lugarteniente. Diante del, emocionados, cinco dúcias de camaradas escoitaban as conclusións dunha longa etapa parlamentaria: pouco denantes, a dereita do búnker —máis precisos imposible— tentara de chegar triunfante ó NON. Vanas tentacións, qué quere que lle diga, home.

Fora a brillanteza oratoria do señor Bermúdez cara o SI. Con dolor no corazón, a man esquerda no peito —a dereita xa sabemos— e colectivamente, o hara-kiri chebaga ás catacumbas. ¡Sandiola! Foi un SI chorimi-queiro: aquilo, qué quere que lle diga, semellou un corto casamento. Logo, o velorio. O abellón.

caitano-5



## LA SALVACION DE ESPAÑA

La Cruzada 1936-39 trajo a España muchísimos bienes espirituales y materiales en todos los órdenes. ¿Quién lo puede negar?  
Un florecimiento religioso y patriótico, quizás nunca superado; comparable a las más gloriosas de nuestra historia.  
La reacción no se hizo esperar. Aleccionado por el ejemplo de España, el enemigo que no olvida ni perdona, planea ahora el ataque al veneno.

Cabeceira da mensaxe á que se refire a nosa comunicante e guerrilleira. Vai firmada por Alberto Gómez Matarín, Arcediano da S. I. Catedral de Granada

## A fin do ano, falaremos

Os meus benqueridos amigos —todos tan guapos e de tan boas familias coma min— andiveron estes días botando nos buzóns unha caralladiña de papeliños nos que pedían «para evitar outra guerra, votad: «NO». Nin que decir ten que os meus amigos son eses persoeiros, tan bonitiños, peinadiños, requetepostiños, tan lindos militantes eles da estrema dereita.

Coas veces que dexéi as tetas tras de min indo a caza-la morralla roxa, non entendo que veñan agora os que dín se-los meus camaradas —dino eles, pro a min non me enchén nin media moa picada cando teño fame de home— metendo man no pensamento do arcediano de Granada, A. G. Matarín, pra tentar de convencer ós españoís de que voten «NON».

Non entendo que facendo caso do devandito Matarín —¿qué enerxía pode saír dese nome?— os meus benqueridos amigos anden pedindo rosarios e misas pola miña querida España —esattamente, os meus quererres españoís son os 30 ou 40 consellos de administración

do meu pai—. E ben certo, coma di Matarín, que ninguén dá un peso polo Papa de Roma; é ben certo que os curas están a facerse indisciplinados e delincuentes; é ben certo que os premios literarios son pra exalta-los persoeiros mais sinistros de España; é ben certo que pouco de bo darémo-las futuras nais á Igrexa. Sendo todo esto certo —qué é ben certo, que non atopéi home que me gustara que non fora roxo— eu quixera saber a qué carallo ven pedir «rezo de rosarios ininterrumpido, intensivo e perpetuo (día y noche)».

O que hai que facer, meus benqueridos compañeiros, e, á fin de ano falaremos, cambia-los Pirineos polo Everest, os condonciños face-los de ferranchos, e saír á rúa con fouchiños pra capar ollos, rachar goxas, reventar dentes, queimar mares, esmagar sonos, ametrallar ilusións, abrasar esperanzas, trituradora-lo aire e a vida.

**Pola dereita (auténtica), unha Guerrillera de Santa María Goretti.**

SI E CERTO O QUE DÍN DE ESPAÑA, NOS VIMOS SENDO



X. Matarín

A RESERVA MATERIAL DA RESERVA ESPRITOAL



# Pouca poesía e algunhas novelas

CARLOS CASARES

Postos a practicalo vicio periódico anual dos inventarios culturais digamos que o ano que remata, como o anterior, non foi demasiado brillante dende o punto de vista literario. Continúa a mesma tendencia que se ven observando dende hai tempo e que se caracteriza por un predominio do ensaio, fundamentalmente o ensaio de tema político. Por suposto que o feito non é negativo en sí, senón polo que evidencia. Hai como unha hipertrofia da paixón política, que invade incluso os dominios da literatura, pexada nas súas posibilidades imaxinativas por una dependencia excesiva das doutrinas sociais. Isto, que afectou tamén no seu día ás literaturas doutros países, tende a remitir. Na literatura catalá, por exemplo, a poesía liberouse xa da súa servidume e actualmente unha nova xeración de poetas está emulando ós seus grandes mestres do 27, sobor de todo a Guillén e a Cernuda. Outro tanto ocorre en Catalunya, onde escritores da cultura de Pere Gimferrer conquistan libro a libro terreos ermos, abandonados tras anos de mediocridade e probenza literarias. Poucos son xa os que se deixan intimidar polas coaccións do terrorismo intelectual. Neste senso, palabras coma «intimista» ou «culturalista» xa non son recibidas como acusacións. E máis, quen están quedando con todo o aire son aqueles que encubrían a falla de talento cunha pretendida ortodoxia. Os Mandamentos literarios xa non mandan.

En Galicia tamén algúns poetas novos se están dando conta de que o fenómeno Ferreiro é, pola súa singularidade, irrepitíbel. Imitar a Celso Emilio xa non dá máis de sí, e deu ben pouco. O que no escritor de Celanova é o resultado do gran talento que posee, convírtese en mala literatura nos seus imitadores. De tódolos xeitos rapaces coma os do grupo «Rompente», a xuzgar polo libro «SERAGNA», de A. Pegueiro, un libro floxo aínda, pro con certo interés, parecen marchar noutra dirección. Con todo, a poesía non produciu no ano nada digno de ser destacado.

A novela, en cambio, deu tres froitos que aí que ter en conta: GALOU, Z 28, de Lois Diéguez, NO CADEIXO, de Paco Martín, e AN-

TON E OS INOCENTES, de Xosé Luis Méndez Ferrín. Tres boas novelas nun ano non é mala colleita. meira e a última cunha clara intencionalidade política, pero ben escritas e con alento, o que proba que o que decide o valor dunha obra non é o seu tema, estéticamente neutro, senón o seu tratamento formal. A novela de Lois Diéguez trouxo ademais a agradábel sorpresa de obrigarnos a prestar atención a un home que iniciara a súa vida literaria cun libro que non autorizaba a esperar moito do seu autor, o cal é moi reconfortante. Pola súa parte, ANTON E OS INOCENTES ven confirma-lo talento indiscutible de Méndez Ferrín, de quen os lectores máis novos poderán ler agora o seu reeditado PERCIVAL. En canto a Paco Martín a súa novela sorprendeu a todos pola calidade da súa prosa e pola súa boa feitura. Polo seu estilo aprosímase a Neira Vilas, pro superando con moito a capacidade fabuladora, máis ben escasa do autor das simpáticas MEMORIAS DUN NENO LABREGO, e colocándose a par del no dominio do idioma. Paco Martín paréceme un dos narradores galegos actuais dos que se poden esperar máis cousas.

Pro o ano que remata agora foi o ano das edicións. Reeditouse Anxel Fole, un escritor polo que confeso unha especial devoción, o ó que os lectores máis recentes apenas coñecían. A súa TERRA BRAVA vence ó tempo e a súa calidade imaxinativa sobreponse ó costumismo que nel hai. Tamén se reeditou a Eduardo Blanco Amor, que ademais foi amplamente traducido ó castelán, e de quen XENTE O LONXE é a boa novela dun escritor coa maestría que acreditan libros coma OS BIOSBARDOS, pra min o millor que saíu da pluma deste novelista. Finalmente, reeditouse o MERLIN E FAMILIA, de Alvaro Cunqueiro, un autor ó que hai que esperar que se lle vaia facendo a xusticia que merece polo seu inmenso talento, lamentábelmente non aproveitado pola narrativa galega actual, da que debería se-lo mestre indiscutíbel.

E pouco máis. Pró ano que entra anúncianse algunhas novidades, como a novela póstuma de Silvio Santiago, que poden ir axudando a pasa-lo río.

TEIMA  
CULTURAL



OTERO PEDRAYO, UN ARBRE  
1976 levóuse ó último home de «Nos»

## O ano na cultura

V. F.

Son trescentos sesenta e cinco días pra facer análises. Neste caso son tamén os primeiros trescentos sesenta e cinco días de postfranquismo, cunha miga máis de libertades, pro co peso da herdanza recente. Son días de cambeo, de tránsito. Isto tamén conta prá cultura

que ten na liberdade o millor eido pra medrar e convivir.

O longo deste ano saíron libros que escomenzan a andar no camiño do autodescubrimiento do país, libros principalmente de ensaio, porque ó país preocúpalle a análise concreta da súa propia realidade. Anúncianse novelas deica agora prohibidas ou máis ou menos agachadas (Silvio de Santiago, Neira Vilas...). No eido da música poderíamos dicir que estamos nas portas dun novo mencer dos nosos cantantes (con obras de certa importancia e calidade). Outro tanto poderíamos dicir do teatro.

Da cabalo entre os tempos difícil da dictadura e unha situación de libertades que aínda ninguén sabe cómo van vir, a cultura (os artistas, os autores) tentan a modo o camiño novo que se amosa, os novos límites permitidos. Anque siguen as prohibicións, anque programar un ciclo de conferencias, ou recitáis, sigue sendo unha aventura. Nos últimos tempos a provincia de Pontevedra vai á cabeza en actos culturais prohibidos.

Carlos Casares (na literatura imaxinativa), X. Sarceda Castro (música), Salvador García Bodaño (na plástica) e máis Manuel Lourenzo (no teatro) fan un esame de urxencia e moi por enriba do que foron os derradeiros 365 días en diferentes eidos da cultura. Queda o cine por recoller, que o meteremos no próximo número de TEIMA, nas portas xa da edición das Xornadas de Ourense.

## TEATRO

# Invitación ó baile

MANUEL LORENZO

Teño á vista un grupiño de fichas nas que fun anotando os datos que me parecen máis significativos do presente ano teatral galego. Datos estritamente numéricos e necesariamente inesactos en parte, pois que hai (xa vai habendo) fenómenos que non se poden contabilizar, un certo tipo de realizacións espontáneas como sería a improvisación de grupos teatraís, espectáculos, etc., nadas fóra das canles ou estruturas da produción «normal» e dasque o significado non dependerá tanto da súa trascendencia canto da importancia que pode supor o seu exercicio. Estes datos non figuran, pois, no meu esquema, anque non deixe de recoñecerlle-la categoría de «tendencia» que teatralmente e socialmente representan.

Pódese afirmar, de calquera xeito, que aínda é posíbel contabilizar sin moito esforzo aqueles feitos que trascenden nidiamente a unha realidade obxetiva, é dicir: os fenómenos teatraís de instalación «normal»: grupos teatraís en activo (uns 20), espectáculos producidos (pra aló de 25), representacións (unhas duascenas), mostras de teatro (catro), concursos (dous), publicacións teatraís (tres, dúas delas son traducións e outra unha recuperación), conferencias e mesas redondas (non chegan a dez), actividades didácticas (dúas), coloquios...

## CUESTIONS IMPORTANTES

Máis non era destes datos do que lles quería falar. Os datos non valen sin unha interpretación, e aínda haberá interpretacións capaces de volvelos mudos ou de trocalos en testigos falsos, pois os intereses van a miúdo por diante da xusticia.

Eu do que lles quería falar é da situación do noso teatro, de cómo escomenzan a pasar por él os anos sin que moitas das súas zaramallas sexan coñecidas, sin que o debate (un debate global e pormenorizado) poña o pé nas cuestións máis late-xantes. Barallemos algunhas:

A. *O idioma, ideoloxía.* Para-

lamente ó uso consciente do galego no teatro vai unha comprensión máis ou menos detallada, máis ou menos esquemática, da historia de Galicia, da función descolonizadora de cada aceno cultural e, pois logo, teatral. Pois ben, a comprensión da función, que é ideolóxica denantes que política, non é a mesma pra todos. Esta situación non produce pluralidade de criterios prácticos (teatraís), senón dualidade de alternativas (ideolóxicas, que queirase que non vólvensenos políticas). Espreso o feito, nada máis, non comento. O asunto merece un ensaio.

B. *Situación dos grupos.* Entre os grupos galegos danse varios grados de dependencia (legal, económica, ideolóxica) relacionados entre sí. A maioría dos grupos teñen por riba unha entidade patrocinadora (sexa cultural, recreativa, profesional, etc.) que lles resta autonomía. Detalle que convén non esquencer, pois pode significar moito, tendo en conta o carácter específico da produción teatral. O feito de que o noso teatro teña un baixo nivel de produción e unha categoría artística e un poder de comunicación insuficientes e modestos, esplicase en parte polo xeito de se artella-la súa produción, pola negación implícita da súa especificidade, que unha vez máis actúa, consciente ou inconscientemente, como pauta regresora. A sumisión a presupostos exteriores ó propio grupo e os resultados desta dependencia (non ter un local propio de traballo, nin medios de produción, que lles poden ser negados ós traballadores do teatro cando éstos non son os seus donos absolutos), a dependencia da dinámica de cambios que toda entidade experimenta (dinámica que é, no millor dos casos, metateatral), etc., determinan irremediamente a calidade do produto e, como consecuencia, o seu valor público de uso. Compre dicir que o valor público de uso do teatro é o seu valor

significante máisimo. Sin público pode haber actores (embafados), mais non pode haber teatro.

## A PROFESIONALIDADE

C. *Teatro profesional.* Hoxe non hai en Galicia ningún grupo ou compañía profesional de teatro. As causas (socioeconómicas, políticas, etc.) terán de ser analizadas polo miúdo. O feito de deixar a un lado este problema, ás veces mesmo despectivamente, axuda a prolongar unha situación anormal. O teatro profesional non significa teatro degradado, senón un teatro feito por traballadores especializados, con medios específicos, cunha especial organización, dados os seus obxetivos públicos.

Entendo que os traballadores do teatro deben vivir do teatro, considerándoo coma o que é: un aspecto (creativo) de produción xeral, en loita dialéctica cos criterios de produción capitalista que tentarán de convertilo economicamente nun comercio, socialmente nun produto de consumo prás clases burguesas ou máis conformistas, política-mente nun instrumento ó servizo indirecto do centralismo, estéticamente nun xogo gratificante prós detentadores do Poder, que tenderían a convertirse nos seus mecenados e primeiros consumidores.

En troques, nós queremos un teatro profesional galego que parta da situación vivida hoxe en Galicia, que invente e cree, á par que espectáculos, uns sistemas propios de produción e unhas canles axeitadas de distribución que fagan chegar-lo teatro a tódolos puntos da xeografía galega, un teatro do que os obxetivos no orde social consistan en proporcionar uns elementos de debate (e non de simple contemplación) veledeiros pra cada situación, pra cada episodio na loita concreta de Galicia pola súa descolonización, por chegar ó dominio popular das artes, da cultura, da política. Non un teatro profesional infigno. Orabén, ¿con qué medios contamos hoxe, ano de 1976?



## FORMAR ACTORES

Ninguén dubida que calquera profesional ten que formarse. Un profesional do teatro ten que acadalo seu carné no Estado, logo de seguir uns cursos de capacitación. Natural. Mais eu pregúntome: ¿hai en Galicia un centro de capacitación profesional prós traballadores do teatro? E as pedras responden: NON. ¿Hai en Galicia aspirantes á profesión teatral? E as pedras respóndenme: SI. ¿Onde teñen de se capacitar eses aspirantes? Fóra de Galicia. ¿En qué idioma os «capacitarán»? En calquera que non sexa o propio. Miren se o problema non é agudo.

E non me podo estender máis. Quixéralles falar do que pasa cos autores galegos, con ben poucas oportunidades de traballo; dos setenta ou oitenta ignorados autores que nos tres anos últimos teñen mandado a concursas-las súas obras... ¿Onde foron publicadas? ¿Cántas se estrenaron? ¿Cómo? Falaríalles tamén da radio, da TV, do cine, campos de función, tamén, dos traballadores do teatro. E falaríalles dos nenos: ¿Cántos teñen ollado teatro? ¿Cántos fan teatro nas escolas?

¿Cánto non temos aínda que facer?

As miñas fichas —das que lles falaba ó escomenzo desta perorata— percuráronme estas reflexións, que lles ofrezco de bo ánimo, porque nelas non hai derrotismo, pesie ás negruras do estilo. Hai unha invitación —que é tamén unha autoinvitación— a bailar ben, a bailar moito millor.

# A música

## A procura da nosa voz

X. SARCEDA CASTRO

Este, coído, foi un dos anos máis importantes prá canción popular galega. Feito este curioso que racha con certos tópicos musicáis e culturáis coma o de que o «movimento liberador» viría acompañado pola música Rock. Voume explicar.

Namentres nas «democracias occidentais» foi o movemento xurdido da música Rock o que acompañou á ruptura xeracional e levóu ás súas xentes a posturas de «rebelión» e á adopción de actitudes políticas de esquerdas, eiqúí foi a música popular das mans dos «guitarreiros», a que acompañou á concientización da xente. Hai unha explicación. Víase máis clara a situación socio-política galega e un maior desacougo escomenzaba a amosar logo de tantos anos de dictadura. Por outra banda a nosa economía era demasiado precaria coma pra poder mercar bos instrumentos electrónicos e os nosos mozos descoñecían, cáseque por completo, os estudos musicáis. O máis doado era coller unha guitarra e adeprender dous ou tres acordes. Abondaba, naquel intre, pra comunicármolos os nosos problemas.

Por todo isto en Galicia o revolucionario vai se-la canción popular. O Rock mesmo chegaría a ser considerado coma elemento «Cocacolonizador», e polo tanto non valedeiro pra un país onde a «situación de colonización» era palpábel. Ollamos arreo unha revalorización do folklore tradicional, mais a carón dun proceso de renovación que o sitúa, actualizándoo, na sensibilidade do noso tempo.

### ANALISE DAS LETRAS

A motivación política das letras virá dada coa maior claridade posible, facendo verdadeiras filigranas pra poder pasa-la forte censura. As letras poderían admitir esta clasificación:

As que tentan despertar no pobo galego o verdadeiro sentimento nacional que o «nacional-catolicismo» de Madrid tentóu sempre facer desaparecer. Percúrase que o pobo galego tome conciencia de tal, e reatope a confianza en si mesmo coma nación. «...*Desperta do teu sono fogar de Breogán... Os tempos son chegados... a nosa voz pregoa a redenzón da boa nación de Breogán*» (Himno Galego).

«...*A vida que me fixeron non e pra mín / síntome estranxeiro no meu país...*» (Jei Noguerol).

«...*Queremos cantar / queremos berrar / coa forza da fe, / que a nosa Galicia / aínda está de pé...*» (Fuxan os ventos).

As que percuran manifesta-los principáis problemas de Galicia neste intre. Falaráse da Dependencia e Invasión cultural. «...*Mamái á escola non vou de certo / Eu non entendo, non vallo pra eso. / Falas estrañas, estraños lerios. / Do meu non falan. Falan de lexos...*» (Fuxan os ventos).

Bérrase contra do mal endémico da emigración do noso pobo: «...*Dille a Galiza que non se esqueza / que deixéi quente o meu lar...*» (Jei Noguerol). «...*Un era orfo e iste tamén...*» (Bibiano).

Téntase claramente a presentación dun sistema socialista como alternativa á situación presente. «...*será roxa a alborada, seguiremos rexamente, pola senda sinalada...*» (Bibiano).

Tamén se percura apuntar xeitos de organización e loita, non sóio pra defenderse senón tamén pra «recupera-lo perdido» «...*Tranquilo, Non berres / que o millor alcume / é que a chiminea / hoxe non bote fume...*» (Bibiano).

«...*Dixenlles que eu non sabía / facerlle o conto a ninguén / que pra eles fora o pan / pra eles a xostra tamén /...*» (Jei Noguerol).

«...*A túa hora é esta / colle a fouce meu pobo / ergue a testa e protesta / e dempóis mata o lobo /...*» (Suso Vaamonde).

### AS FESTAS DA OPOSICION

Este ano foi prá canción popular galega o tempo dos festiváis: grandes actos da oposición, actos masivos onde a xente que a eles acudía xa non sóio mercaba unhas entradas, máis ou menos caras, senón tamén lenzo pra face-las bandeiras, papel prás pancartas e letreiros de todo tipo. Actos onde se puxeron á venda, por primeira vez, todo tipo de publicacións clandestinas. Tentaríase especialmente a «toma do escenario» polas bandeiras da oposición. Estes festiváis viñeron encauza-las necesidades da expresión colectiva dun pobo asoballado.

Haberá festiváis en tódalas cidades e vilas galegas, aínda que tamén moitísimas prohibicións. Mais por primeira vez, tamén os organismos oficiáis, coma as «Caixas de Aforros», os «axuntamentos», etc,



BENEDICTO, SIN BIBIANO

veráanse, pola presión popular, obrigados a programa-los cantantes «malditos» e mesmo a pagarlles.

E tamén, 1976, o ano no que a canción galega, xa moito máis coída e traballada, salta a tódolos pobos da península. Estará presente nos grandes festiváis, entre eles no «Festival dos Pobles» en Sabadell, no «Festival dos Pobos Ibéricos» en Madrid, nos abondosos «Galeuzcas» do País Vasco, Catalunya... e moitos noutros habidos ou «programados» coma o Festival dos Pobos de Europa que se tiña pensado facer en Santander. Eso sí, sempre diante dun numeroso continxente de forzas do orde público, espectadores a unha «distancia prudencial».

### AS GRABACIONS

E o ano tamén das grabacións de discos. Este ano grabaron:

Amancio Prada: «*Caravel de Caravelas*» (Movieplay).

Jei Noguerol: «*Denantes dos vinte anos*» (Edigsa).

Fuxan os Ventos: «*Fuxan os Ventos*» (Fonogran).

Bibiano: «*Estamos chegando ó mar*» (Zafiro).

«*O Himno Galego*» (versión completa) (Zafiro).

Xerardo Moscoso: «*Galicia*» (sin distribución comercial).

Suso Vaamonde: «*Loitando*» (sin distribución comercial).

Miro Casabella tamén grabóu un L. P. mais a súa casa, Ariola, non o porá á venda deica febreiro do 1977.

Faltóu neste ano algo que coído moi necesario prá música popular galega, que as Coráis Polifónicas, as bandas de música, e os grupos de gaitas... tomen unha actitude de vencellamento coa cultura nacional, popular cara á normalización da personalidade do noso pobo en tódalas súas expresións colectivas, deixando de ser elementos «folkloricos» (no senso despectivo). Coído que este é o camiño que quere tomar «*Faiscas da Terra*» xunto cos membros do xa desaparecido *Roi Xordo* (debido a que o batería, Zé de Luiz, ten que saír fóra do Estado Español, xa que as autoridades non lle renovaron o permiso de residencia). Agora os seus membros, Piloche, Pí da Bahía, Rodrigo Romani, Antón Seoane, Kico de Cariño, pensan amplía-lo seu movemento coa inserción de grupos de base popular coma o grupo *Faiscas da Terra*, *As Pandereteiras de Buxán*, *Bombeiros de Tamiño*, etc., cos que xa teñen programados recitáis.

Pra rematar, faltóu tamén facer, aínda que xa escomenzase o grupo *Roi Xordo*, unha auténtica investigación sobor dos instrumentos galegos. Compre unha investigación que axude á evolución destes instrumentos perfeccioándolos moito máis, e procurando axeitalos ós nosos tempos. A creación dunha casa discográfica galega é outro gran valeiro, pois se este ano foi ano de grabacións, aínda faltan moitos grupos e solistas por ter esa oportunidade da que coído son merecentes todos.



BATALLAN, BATALLANDO... COA VOZ



## Escolma / TEIMA

### LIBROS

Xoán Bernárdez Vilar. UN HOME DE VILAMEAN (ANATOMIA DUNHA REVOLUCION). Patronato de Cultura Galega de Montevideo, 1976. 127 páxs. «Premio Alfredo Somoza» (novela).

Non é a primeira novela histórica nas letras galegas. O autor consultou bibliografía de abondo pra reconstruír máxicamente o mundo galego dos «Irmandiños», os señores feudais, Soutomaior, Moscoso, Andrade, as loitas dos Fonseca, o poder cáseque absoluto e divino da Igrexa, o mosteiro de Santa María de Oia, os privilexios comerciais da vila de Baiona... Anque non ofrezan grandes novidades no eido literario o libro ten interés e turrá do lector deica a derradeira páxina. Apoiándose na historia persoal dun labrego do Miñor (Pedro) viaxa a novela polas loitas dun pobo asoballado pola Igrexa e os señores. Neste senso o autor procura cingirse o máis posible ós feitos históricos (tal e como teñen chegado a el) e mesmo ás paisaxes concretas nas que se vai desenvolvendo a historia novelada. Xa que non temos historia científica a novela sírvenos como achegamento, recreación máxica dun dos tempos decisivos do noso país, a Galicia do XV.

Vicente Risco. O PROBLEMA POLITICO DE GALICIA. Editorial Sept. Vigo, 1976. 155 páxs. (Ensaio político).

Vicente Risco foi un dos pensadores políticos do nacionalismo galego nos anos anteriores á guerra civil. Os editores ofrecen agora a versión galega dun libro editado en castelán, en 1930. Trátase dunha recolleita de traballos de pensamento político dende a perspectiva do nacionalismo galego. Algunhas reflexións, certos poida que estean xa fóra de actualidade, pro o pensamento de Risco sigue a ser brillante, anque compre enténdelo tamén no seu tempo. «Si non queredes poñer nación —escribe Risco en 1930 prós casteláns—, poñede rexión, minoría nacional, etc., ou como queirades. O resultado, sustancialmente, é o mesmo: un pobo. E o problema dun pobo sustancialmente tal é un problema político porque é un pro-

blema de personalidade colectiva, e toda personalidade, ante o dereito natural, é un conxunto de dereitos xuridicamente esixíbeis».

A pesares da distancia histórica, a pesares dos cambios ideolóxicos, dos cambios sociáis, etc., o libro e o pensamento do Risco sigue a ter intrínsecos moi lúcidos. A versión galega é de Isaac Alonso Estravis.

### DISCOS

Bibiano. ESTAMOS CHEGANDO O MAR. Zafiro-Esploxió. Productor: Alain Milhaud. Arranxos de Jorge Sarrante. 10 temas.

Un traballo ben feito que se fixo esperar. E o primeiro disco de Bibiano, cunhas características moi persoais o mesmo na súa voz que nos temas. A temática do Bibiano é o estaleiro, a grúa, o torno, o traballador proletario, o mar do traballo e a esperanza. Cicáis ás veces hai, na nosa opinión, unha certa enchenta de arranxos nalgúns temas, unha orquestración que mesmo pode chegar a afogar ó tema e ó cantante. Hai moito laboratorio de sonido tamén, fortes influencias do rock e, por outra banda, de José Afonso. Sin embargo, é unha aportación importante á música galega e un traballo de calidade que compre suliñar. E tamén un disco cheo de esperanza.

José Mario Branco. MUDANSE OS TEMPOS MUDANSE AS VONTADES. Edgisa. 9 temas. Os arranxos son do mesmo autor.

A «revolución de abril» deu unha chea de bos traballadores da música, cantantes que recolleron a fermosa alborada portuguesa dos caraveis. Eran os mesmos que coñeceron o esilio coa ditadura salazarista. A súa música, por outra banda, e a súa cultura anda moi perto da nosa. Branco traballa os temas apoiándose nunha grande capacidade prós arranxos, unha grande sensibilidade prá instrumentalización. E sabe escoller-las letras e os poetas. De calquera xeito hai un certo grado de escepticismo: a vida non deixa da dar voltas, múdanse os tempos, as palabras, as chaquetas, as vontades hastra chegar ás veces mesmo a disimular-las verdades máis fondas.

## Unhas notas encol da plástica

Salvador GARCIA BODAÑO

### A actualidade no país

Xa na nosa terra a actualidade artística mantivo un nivel que non cedeu en relación co ano anterior, no que respecta concretamente á presentación de mostras plásticas. Compre deixar constancia, neste senso, do labor que están a desenvolver un bo número de salas de arte particulares que, partindo dun criterio de selectividade sempre necesario, véñennos ofrecendo unha variada panorámica da nosa pintura.

Non obstante, sería tamén bo que, nun maior grado esta súa preocupación se encarreirara a intercalar mostras escolleitas da pintura non galega de figuras clave na arte dos nosos días. E digo nun maior grado porque, de feito, este plantexamento está xa presente nalgunha sala. Vaia, pois, o noso recoñecemento a galerías como «Torques» de Santiago, «Ceibe», «Mestre Mateo» e «Giannini» da Coruña, «Arco da vella» de Lugo, «Van Gogh» de Vigo, «Torrado» e «Altamira» de Pontevedra, «Souto» de Ourense, etc. Nas salas dependentes de entidades coma Muséu de Ourense ou a Caixa de Aforros de Vigo, polo coidado que tentan poñer na elaboración dos seus programas pra cubrir-las actividades de cada ciclo, hai tamén un magnífico traballo.

Respecto do resultado creativo dos nosos artistas plásticos, se ben en xeral (porque un comentario individualizado e polo miúdo resulta agora imposible) non presentou ó longo deste tempo o que poderíamos considerar como novos planteamentos estéticos, quedou claro, en cambio, o específico das tendencias xa desenvoladas na tempada anterior. Suliñemos, pois, que a tónica foi dun «certo conformismo» fronte a calquera intención innovadora ou preocupación investigadora que revitalice e lle dea unha vixente consistencia e orixinalidade a nosa arte. Agardemos somentes que pro 1977 a personalidade artística de Galicia se vexa notábelmente arriquecida polo traballo dos nosos escultores e pintores á percura decidida de novas formulacións. As páxinas de TEIMA adicarán a elo a meirande atención.

Pro arte galego certamente que ningunha nova ha de ser tan digna de se suliñar dun xeito especial neste 1976, que se nos vai baixo o signo do subrealismo electoral, como a extraordinaria mostra da obra do escultor compostelán Camilo Otero no Musée Bourdelle de París. Otero, que acadou no derradeiro ano un dos triunfos máis notables da escultura europea ó lle ser concedido o Premio Bourdelle por un xurado composto nada menos que por Couturier, Gilioli, Hajdu, Etienne Martin, Penalba e Antoine Poncet, mostróu xuntamente hastra o pasado día 12 no muséu que leva o nome de aquel xenial revolucionario estético e técnico da escultura francesa do seu tempo, toda unha variada serie de obras en pedra, bronce, madeira, terracotas e mesmo xoias e dibuxos que a esixente crítica francesa está a celebrar nun tono de satisfacción xa pouco común.

Compre decir que o Premio Bourdelle foi fundado pola Asociación des Amis de Bourdelle e conta cunha dotación de 2.000 francos e máis na esposición, que ten lugar sempre nos salóns do muséu. Por espresa vontade de madame Bourdelle a composición do xurado encarregado de concede-lo premio sin previa convocatoria de concurrencia está integrada por escultores de reputación internacional. Doutra banda, a Dirección de l'Action Culturelle de la Ville de París asume tódolos gastos da mostra, transporte das obras, edición de catálogos, affiches, etc.

Otero ten espoto na súa cidade natal, no Hostal dos Reis Católicos, no ano 1961, e máis na Caixa de Aforros no 1974, nesta ocasión xoias de creación e pequenas esculturas en prata.

Xa que estamos a falar de galegos fóra, coa mesma satisfacción recollémo-la publicación dun estudo crítico-biográfico de Luis Seoane, de quen Rafael Squirru, nun volume das Edicións Dead Weight, de Buenos Aires, tenta abranguer nesta ocasión a enorme personalidade creadora.

## DESVENTURAS DUN MESTRE EN A CAÑIZA

Acabo de porlle ós rapaces algo así coma un exame de «evaluación inicial». Os resultados fan tremer os osos. Son algo máis de corenta e somentes media ducia leen o castelán sin ter que deletrear. Por suposto que desa media ducia non todos entenden o que leen e aínda non sei se algún o entende. De galego, nin chis. Escoito falálo mentras acabo de correxir as probas, pro ó mandárllelo leer, antóxaselles o vietnamita. Fágolles algunhas preguntas de cousas que deberían ter estudiado o ano pasado. Ningún coñece o que é o latifundio nin o minifundio, nin cál é a montaña máis alta de Galicia, nin os ríos da vertente Cantábrica (case todos poñen o Miño). Conforme lles poñía as preguntas iban contestando. A última, xa un pouco enfurruñado plas súas contínuas espresións de sorpresa, era: «América la descubrió...?». Como vira eu aínda a sorpresa nalgunhas caras, díxenlles coidando que non entendían: «Soio tendes que poñer un nome despóis dos puntos; por exemplo, Pepe Gómez».

### Respostas dadas:

Cristóbal Colón .....	19
Non contestan .....	9
Pepe Gómez .....	11

O colexio ten unha fachada impecable, as aulas son amplias, cheas de fiestras polas que entra a luz. A paisaxe é maravillosa. Os folletos explicando as obrigas dos alumnos e profesores saen nidios, relucentes da multicopista e deseguida espállanse polas aulas anunciando a qué equipo, departamento, control, recontrol, vixianza, programa, etc., pertencen e pertencen.

Non hai no colexio ningunha revista, nin pedagóxica nin das outras (engánome, hai o «Servicio»). En fin... cada quen na súa aunla coma cada mocho no seu burato.

Dentro dalgúns anos ó millor non hai nin clases. Pro o COLEXIO pode seguir funcionando eternamente, co seu comedor, papeis, órganos, departamentos, controles; e as aulas pódense converter en habitacións. Si esto vai coma hastra agora, dentro dunha ducia de anos, ou cecais menos, non se notará o cambeo e todos os que aquí viñemos educar (seica) terémonos volto hoteleiros, camareiros, planchado-

ras, vixiantes, etc., sin o menor trauma. A evolución educativa, quen sabe...

Esquecíaseme decir que o curso que dirixo é o septimo, o séptimo de E.X.B.

Xavier Fernández Nogueira  
Mestre do Colexio Nacional de A Cañiza

## ADRIÁN TROITIÑO, UN GALEGO NO URUGUAY

Adrián Troitiño é un fermoso espoñente da presenza galega no Uruguay. Dunha presenza viva, de ronseis definitivos, de testemuñas profundas, de comportamentos fraguados na entrega. E de farturenta continuidade. E a continuidade é a proiección.

Nacera na parroquia de Moalde (Silleda), alá polo ano 1869. E naquel contesto labrego, con certo aquel de determinismo xeográfico, de gandeiría minúscula e de soadas feiras, de silveiras gadañadas ós pulos dunha mocidade dourada e sin horizontes, matina no alén mar. No porvir. Alonxado do forno. Da invernia.

## EN DEFENSA DE XAIME ISLA

Señor Director de TEIMA: Sinto moito que esta miña primeira carta á revista TEIMA no poida ser de felicitación como eu quixera. Mais a realidade é que o número cero que se distribuíu gratis, para a promoción e conecimento da revista polas xentes galegas, recolle na súa páxina 31 un comentario sobre Xaime Illa que está moi lonxe do que poidéramos chamar unha liña de respecto á persoa.

Cando se coñeceu a intención dun grupo de persoas que desexaban «dar unha alternativa galega á información», eu sentín unha gran ledicia polo labor que este medio se podería agardar, cara a «achegar libremente ao individuo, ao desenrolo da colectividade na que vive». Hoxe non sinto esa ledicia, sinón decepción e algo de mágoa.

Si a revista quere chegar aos galegos, en galego, e informando da realidade do noso País, nada máis improcedente que atacar a un home de conducta clara e limpa como hai poucos en Galicia. Xaime Illa está nos primeiros postos dos que, en tempos pasados e de hoxe, labouraron pola concenciación dos galegos. Un pode estar dacordo, ou non estalo, co que el fai e leva feito, pero o que non se pode facer é presentar cunha retranca moderte e pouco fina, a súa figura con calificativos como o das «mans finas». Non é exacta tal cousa. Xaime non ten «as mans finas», tenas cheas de callos de sementar galeguismo, de poñer en marcha accións e de crear institucións, pensando sempre na Terra, pois para él calquer acto ten por norte Galicia.

Tamén, dentro do terreo político, está na Democracia Cristiá coa súa actitude de servizo ao País. Si o comentarista cree outras cousas que ás espoña claramente e con respecto, pois as persoas non son merecentes de outro trato.

Cantos coñecemos e traballamos, dende hai moitos anos, con Xaime Illa, sabemos da súa exemplaridade. Tamén sabemos do seu desprendimento, «anque fuma tabaco estranxeiro de pipa, arrecendente, caro». As súas aportacións monetarias non son doadas de contabilizar, e deso tamén sabe TEIMA, pois algo lle chegou das súas mans.

Non quero estenderme mais, porque tería moito que decir, sempre ben, do que é a persoa de Xaime Illa e do que significa en Galicia, mais coído que os lectores que non o coñecen, hanse de facer idea del, co que xa levo dito.

Quero rematar pedíndolle ao señor director que percure afastar de TEIMA comentarios como o que hoxe da lugar a esta carta. Información con respecto ás persoas, e non deformación, é o que hoxe compra na escena galega informativa. Atentamente.

XOSE FRANCISCO DOMINGUEZ MARTINEZ  
Luciano Conde, 63, 4.º C  
Vigo

### NOTA DA REDACCION

Nin que decir tén que non compartimos as ideas do noso comunicante de Vigo porque en TEIMA non houbo intención algunha por parte de ningún de faltarlle ó respecto a un home certamente respectable como Xaime Isla. O comentario estaba escrito no tono alegre e «irreverente» da sección FIADEIRO. Sin mais. TEIMA entende que dese xeito non se falta ó respecto nin se deforma nada, aínda que tén moi en conta que os textos admiten normalmente mais dunha lectura.

Queremos deixar finalmente constancia de que foi ésta a única carta que recibimos hastra agora en relación co citado comentario. Non escribiu nin Xaime Isla que por suposto ten abertas ésta e outras páxinas da revista.

Era panadeiro de oficio. Sabía polo tanto, do recendo da espera. De lumes agasalleiros. De parolas silandeiras e pechas á venturanza. De ceifas pequeneiras. E, de súpeto, aqueles sentimentos acochados comenzan a agromar. En enceta unha vida nova, amasando na fariña dos desposeídos.

Foxe de servizo militar. E emigra, establecéndose en Buenos Aires. E, de vagar, a modiño, organiza alí o gremio dos panadeiros, sendo deportado e non podendo rematar unha obra que será, para sempre, a razón de ser da súa vida. Encamiñase entón, de cara a Montevideo. E prosigue o labor escomenzado na capital arxentina, formando o sindicato dos panadeiros. E logo, o dos «canillitas». (Os «canillitas» son os vendedores de xornais no Río de la Plata. Conforman, no marco do proletariado, un fato singular. Son, en certa maneira, «lumpen» con conciencia de clase. Unha concencia que estaba adurmiñada e que él abanea).

Polas súas condicións naturais de organizador, trócase nun guieiro dos anxeios populares. E aquel humilde galego, na compañía das fillas

## Cartas a Dirección

(que colaboran con él, lendo poesías ós obreiros), sabe chegar ós humildes.

Pro novamente veñen intrinsecos. A crise económica conleva a dialéctica da loita. Da loita das clases. Daquela ¿ónde non? o paro e a baixa renda son síntomas claros dunha sociedade inxusta. E él, fillo do pobo, interpreta moi axeitadamente as condicións. As condicións obxetivas. E o enfrentamento é inevitable, estalando a folga dos «canillitas». Dos «seus canillitas». Corren os tempos dificultosos da dictadura de Terra. Tempos de persecucións e de mortes ó socaire do fascismo, anunciando «ós novos piollos godos...», que agora voltan a erguerse mais virulentos. E entón a espada de Damocles da deportación aparece ameazante. Outra vez. Nembargantes, cando un dirixente é respetado, prodúcense curiosas contradicións. Velahí o caso, na devandita folga, da defensa que asume públicamente del o prestixioso fundador do Partido Socialista, Emilio Frugoni, contando co beneplácito da propia patronal. E entón, os detentadores do poder, recúan.

Adrián Troitiño era un ácrata non violento. De reflexións sereas. O xeito da pingota furadante. Dono dunhas esenciais, que furan nas entrañas dos «canillitas». E ó forma-lo sindicato, ergue primeiramente unha biblioteca, seguindo a máxima martiniana de que «un home culto é un home ciebo».

Autodidacta. Amaba os caraveis roxos. Falaba naturalmente o galego. Morreu ós 72 anos. Un 26 de maio. E a data, mensualmente, é lembrada polo sindicato, non saíndo os xornais nese día. Unha rúa de Montevideo leva o seu nome. O nome dun galego universalista, pro con vivencias de seu. Da nenaza. Que leva ó sartego, bulíndolle nos beizos. Por eso, cando fina, dí na fala materna: «¡Miña nai...!».

Fernando Pereira Caamaño  
Montevideo (Uruguay)



**ALFA-LAVAL**

## **SAUDAN A TODO O GALEGO ... O CAMPO**

*E OFRECENLLE A SUA GAMA DE PRODUCTOS*

- *Equipos de munxir de cubo*
- *Munxir por tubería «R.T.S.»*
- *Salas de munxir*
- *Tanques de frío*
- *Tratamentos completos pra esterco*
- *Toda clase de maquinaria agrícola en xeral*



**DO CAMPO E PRO CAMPO**

Casa Central: Avda. de A Coruña, 123. - Telfs. 215852 - 214650

**Mais intrés  
pra vostede.**



**Banco Simeón**

**Fondado en 1.857.**